

INFORME SOBRE COBERTURA POR PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE APOIO NA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 13 DE DECEMBRO DE 2024

1. Antecedentes

Por Resolución da Valedora do Pobo do 13 decembro de 2024, aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación do posto de Xefe/a do Servizo de Apoio da Institución.

A convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia n 246, de 23 de decembro de 2023, e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia n 135 do 2 de xaneiro de 2025.

2. Procedemento de convocatoria

Ou procedemento administrativo que se desenvolve, ten como finalidade a de valorar a formación e experiencia profesional das persoas que concorren nel, para poder determinar a adecuación da traxectoria de cada un delas ao correspondente posto de traballo.

A xefatura de Servizo de Apoio da Institución, é un posto correspondente ao grupo A¹ (A1)², con nivel de complemento de destino 28, tal e como figura nas bases da convocatoria.

O posto convocado ten como sistema de provisión o de libre designación, de acordo coa vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Institución, no que se esixe estar en posesión da licenciatura/grao en dereito.

De conformidade co disposto no artigo 29.2 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, na convocatoria pública para a cobertura dos postos de libre designación debe indicarse a súa denominación, o nivel e localización do posto e os requisitos indispensables para o seu desempeño, tal e como figuran no anuncio publicado.

A normativa básica en materia de Función Pública sinala que a libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dous candidatos en relación cos requisitos esixidos

¹ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

² Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

para o desempeño do posto (art. 80.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

Trátase de postos que se caracterizan pola discrecionalidade e a confianza profesional na selección, que debe ser motivada.

A confianza que se predica nestes casos ten carácter eminentemente profesional e busca a selección do mellor perfil entre os posibles, cara á consecución da maior eficiencia e a eficacia na xestión das competencias que ten atribuídas, neste caso, a Institución.

Para facer a selección entre as persoas solicitantes valorarase, para decidir a preferencia dunha persoa funcionaria sobre outras, de acordo coas funcións que ten asinado regulamentariamente o posto, a traxectoria profesional e a formación en relación coas mesmas.

3. Funcións do posto da Xefatura do Servizo de Apoio na Institución da Valedora do Pobo

De acordo co disposto no artigo 24 do Regulamento de Organización e Funcionamento da Valedora do Pobo (ROFVP), aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia o 16 de xaneiro de 2018 (DOG n 30, de 12 de febreiro de 2018), modificado pola mesma Comisión o 14 de febreiro de 2023 (DOG n 44, do 3 de marzo de 2023), as funcións que ten asinadas o dito posto son as seguintes:

- Apoiar, asesorar e realizar estudos e informes de carácter técnico-xurídico nas materias que lle sexan encomendadas.
- Tramitar, emitir informe e realizar o seguimento dos expedientes de queixas naquelas áreas que se lle asignen.
- Asistir a Secretaría Xeral para a tramitación dos asuntos en que deba intervir a institución.
- Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores, ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da institución, lle sexa asignada polos seus superiores xerárquicos.

En congruencia coas ditas funcións, para a valoración das persoas candidatas deben considerarse prioritarias a experiencia profesional no ámbito das administracións, especialmente en materias xurídicas e nas materias que se

corresponden coas áreas de tramitación de queixas da Institución, e a formación para o desenvolvemento das mesmas.

As funcións que exercerá a persoa seleccionada serán de apoio en xestión administrativa (contratación, xestión económica, convocatorias de premios e bolsas, persoal, entre outros), apoio administrativo aos órganos adscritos á Institución, así como tramitación de expedientes de queixa, polo que os criterios relevantes para a designación da persoa candidata para ocupar o posto, serán a súa experiencia en xestión administrativa na tramitación de expedientes administrativos, é a súa experiencia profesional na administración pública nas materias obxecto das distintas áreas nas que se clasifican os expedientes de queixa que tramita a Institución, así como a formación complementaria recibida ou impartida nas ditas materias.

4. Solicitudes

Tal e como figura no correspondente expediente, á convocatoria presentáronse en prazo as seguintes solicitudes:

Numero	N Rexistro	Dta Entr.	Remitente	DNI Anonim
1	24848/24	26/12/2024	[REDACTED]	**723.***-E
2	24893/24	27/12/2024	[REDACTED]	**435.***-R
3	35/25	02/01/2025	[REDACTED]	**320.***-G
4	110/25	03/01/2025	[REDACTED]	**292.***-V
5	112/25	03/01/2025	[REDACTED]	**423.***-N
6	199/25	08/01/2025	[REDACTED]	**179.***-K
7	240/25	08/01/2025	[REDACTED]	**646.***-B
8	244/25	08/01/2025	[REDACTED]	**313.***-Y
9	261/25	09/01/2025	[REDACTED]	**097.***-G
10	269/25	09/01/2025	[REDACTED]	**760.***-Q
11	271/25	09/01/2025	[REDACTED]	**823.***-T
12	323/25	10/01/2025	[REDACTED]	**761.***-E
13	351/25	10/01/2025	[REDACTED]	**874.***-D
14	374/25	13/01/2025	[REDACTED]	**463.***-V
15	376/25	13/01/2025	[REDACTED]	**843.***-H
16	446/25	14/01/2025	[REDACTED]	**975.***-P
17	447/25	14/01/2025	[REDACTED]	**869.***-K

18	449/25	14/01/2025	██████████	**313.***-H
19	450/25	14/01/2025	██████████████████	**310.***-S
20	580/25	15/01/2025	██████████████████	**266.***-D
21	591/25	15/01/2025	██████████	**126.***-H
22	610/25	16/01/2025	██████████	**811.***-Q
23	611/25	16/01/2025	██████████████████	**813.***-F
24	627/25	16/01/2025	██████████	**975.***-H
25	638/25	17/01/2025	██████████████████	**078.***-X
26	660/25	17/01/2025	██████████████████	**181.***-M
27	668/25 e 692/25	17/01/2025	██████████	**806.***-Z

Todas as persoas solicitantes cumpren o requisito de ser persoal funcionario de carreira pertencente ao grupo A (A1) ao servizo dalgunha administración pública (artigo 10 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo) de acordo cos currículos e documentación aportada.

5. Resumo das traxectorias das persoas candidatas

Das solicitudes, os currículos e a documentación achegada polas persoas aspirantes, faise a análise seguinte en relación coa súa traxectoria profesional e formación con relación coas funcións do posto ao que concorren.

5.1. ██████████

É funcionaria do Corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1993.

É Licenciada en Dereito e licenciada en Historia e esta en posesión do Diploma de Directivo da Xunta de Galicia

Na Administración Autonómica ocupou un posto Base Nivel 20 no Servizo de Persoal da Consellería de Traballo e Servizos Sociais (1993), Unidade de Persoal e Réxime Interior, nivel 25, do IGVS (1994), Servizo Técnico e de Planificación e Control (logo denominado Servizo de Recursos Humanos, Réxime Interior e Contratación), no ILGGA, actual FOGGA, (1996), Sección de Xestión Económica, na Dirección Xeral de Familia (1998), Servizo Técnico-Xurídico da Consellería de Economía e Facenda (2001), Subdirectora Xeral no Servizo Galego de Defensa da Competencia, (2005), Subdirección Xeral de Apoio Técnico- Xurídico e Defensa

da Competencia, (2007), Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico, da Consellería de Facenda (2011), Servizo de Relacións Laborais, na Dirección Xeral da Función Pública(2022), Vicesecretaría Xeral na Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (2022), e na actualidade, xefa de Servizo de Xestión de Proxectos na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Consellería Mar (desde 30 de xullo de 2024).

Realizou formación complementaria en materia de normativa laboral, educación na tolerancia contra a violencia nos xoves (1999), xestión orzamentaria (1999), réxime xurídico das axudas (1999), dereito da competencia e axudas do Estado (1999), técnicas de redacción de informes, propostas e resolucións, xestión dos tributos da Comunidade Autónoma (2001), contratación pública en Europa, control da legalidade da Administración (2000), Técnicas para falar en público (2024), Superior de Relacións Laborais (1997) e Perfeccionamento de idioma galego

5.2. [REDACTED]

É funcionario do Corpo de Tramitación Procesual e Administrativa dende 2017, do Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado (A2) dende maio de 2023 e funcionario da escala de Administración especial, subescala técnica clase Superior (A1) do Ayuntamiento de Arroyomolinos, dende setembro de 2024.

Como experiencia na Administración, desempeñou dende maio de 2023, o posto de xefe de sección na Vicesecretaría Xeral Técnica do Ministerio de Asuntos Exteriores Unión Europea e Cooperación, con funcións de tramitación de disposicións de carácter xeral, Plan Anual Normativo e emisión de informes.

É graduado en dereito, Máster en Dirección Pública e Liderazgo Institucional, Máster en Dereito Público e Administración Pública, Máster en Dirección Pública e Liderazgo Institucional e Máster en Ciencia e Dereito.

Acredita a ter impartida formación na Cámara Oficial de Comercio, Industria y Servicios de Madrid (curso de subvencións, técnicas de auditoría, avaliación ex ante para los programas estratégicos e Introducción a la gestión de presupuestos ingresos y gastos), profesor universitario asociado de Dereito Internacional Público e titor nun Máster de Diplomacia, diversas publicacións sobre dereito dixital, intelixencia artificial, e ten formación en asuntos consulares (2024), plan general de contabilidade (2024), acción servicio exterior (2024), contratos y

empleo público (2023), ley general presupuestaria (2023), sistemas jurídicos comparados, comisiones rogatorias en el ámbito civil y penal, la administración y diferentes órdenes jurisdiccionales e normativa sobre igualdad y violencia de género

Esta en posesión do Celga 3 de idioma galego.

5.3. [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (A1), dende decembro de 2011.

Licenciada en Dereito e Posgrao en Dereito Civil de Galicia.

Ocupa dende novembro de 2020, o posto de Vicesecretaria Xeral da Consellería do Mar, con funcións de tramitación de convenios, ordes de axudas, encomendas de xestión, propostas de resolución de reclamacións e recursos administrativos, responsabilidade patrimonial, xestión do persoal, protección de datos, transparencia e rexistro. Como Subdirectora Xeral de Inclusión e Integración Social (2019) exerceu funcións de planificación, coordinación, xestión e seguimentos dos programas, servizos e equipamentos de inclusión social, e prestacións sociais e económicas.

Foi xefa de Servizo de Atención ás Persoas Inmigrantes na Consellería de Política Social (2012) na que xestionou subvencións, coordinación de puntos de información as persoas inmigrantes, procesos de acollida e integración.

Foi posto Base subgrupo A1 na Secretaría Xeral de Universidades (2012), e anteriormente ocupou como persoal interino, distintos postos na Consellería de Traballo e Benestar, na Consellería de Política Social e no Instituto Galego de Consumo.

Realizou formación complementaria en tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia (2023), persoal delegado de protección de datos, mellora da calidade dos servizos públicos (2022), transparencia (2022), Directrices de técnica normativa (2022), Lei 40/2015, (2021) programa Avanzado DPD para persoal delegado de protección de datos (2021), Fondos europeos *NextGeneration EU* (2021), revisión dos actos en vía administrativa (2021), Lei 16/2010, (2021), aplicación práctica da Lei de contratos do sector público (2020), integridade e bo goberno na contratación pública (2020), tramitación electrónica integral na

Xunta de Galicia (2018), conversa en inglés (2018), protección de datos de carácter persoal. nivel medio (2016), ferramentas de administración electrónica na Xunta de Galicia (2016) perfeccionamento de xefatura de sección (2016), FSE: o período de programación 2014-2020 (2015), desenvolvemento e fomento das habilidades comunicativas na administración pública (2015), aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (*Openoffice*) (2015), a xestión do FSE (2015), superior de linguaxe administrativa galego (2013) aplicacións informáticas de follas de cálculo (*Microsoft Office* 2010) (2013), fiscalización e auditoría de expedientes financiados con fondos comunitarios (2013), prevención de riscos laborais para o corpo A1 Xeral (2012), procedemento sancionador (2001), deseño de actividades de información e formación actualización normativa de consumo (2001), arbitraje de consumo (1997) e axente de desenvolvemento local

Foi docente en cursos organizados pola Escola Galega de Administración Pública sobre financiamento europeo de servizos sociais (2018-2019), accesibilidade e eliminación de barreiras (2010), procedemento sancionador en materia de consumo (2001) e arbitraje de consumo (2001).

5.4. [REDACTED]

É funcionaria de carreira do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (1993), e funcionaria de carreira da escala de Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala de Secretaría-Intervención.

Na actualidade, ocupa o posto de Xefa do Servizo Técnico Xurídico na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Foi Xefa do Servizo de formación e coordinación institucional da Cooperación ao Desenvolvemento na Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (2020), no que realizou funcións de apoio na preparación de asuntos e programas en materia de cooperación exterior autonómica, colaboración na organización de actividades formativas en cooperación internacional. Foi Letrada habilitada do Gabinete Xurídico Territorial de Santiago de Compostela (2019), con funcións de representación e defensa en xuízo da Administración Autonómica, dos seus organismos autónomos e órganos estatutarios. Como Xefa do servizo de Rehabilitación e Renovación Urbana Instituto Galego da Vivenda e Solo (2016), realizou funcións de impulso das medidas de fomento á rehabilitación e rexeneración urbanas, tramitación de proxectos normativos na materia, bases

reguladoras e convocatorias de subvencións, xestión e control da execución dos convenios con concellos. No posto de Xefa do Servizo Inspección Urbanística III (2010) e de Xefa do Servizo de ditames e informes (2013) na Axencia de protección da legalidade urbanística, realizou funcións técnico xurídicas en materia de urbanismo e ordenación do territorio, coordinación da inspección e vixilancia dos actos de edificación e uso do solo, e de protección na legalidade urbanística e de costas. Foi Xefa do Servizo de selección, formación, perfeccionamento e especialización do persoal ao servizo da Administración Local e doutras administracións na Escola Galega de Administración Pública (2006), con funcións de análise das necesidades formativas do persoal, elaboración e avaliación da programación de formación de persoal ao servizo da Administración, tramitación de convenios de colaboración na materia e de recoñecemento e homologación de títulos formativos e impartición de cursos para o acceso á condición de persoal funcionario local. Como Xefa do Servizo de Coordinación do Sistema Universitario (2004), instruíu expedientes de creación e recoñecemento de centros universitarios, de implantación de estudos universitarios, planificación e coordinación en materia universitaria, e elaboración e tramitación das propostas de normativa en materia de universidades.

Foi Técnica de Auditoría no Consello de Contas de Galicia (2001), posto no que levou a cabo tarefas técnicas relativas á función fiscalizadora do Consello de Contas, e como e Secretaria do Concello de Rianxo (2001), realizou funcións de fe pública (actas de sesións, certificación de actos e acordos, fedataria en contratación local, funcións de custodia no libros e rexistros públicos locais etc.) e funcións de asesoramento legal preceptivo (emisión de informes, asistencia ao presidente da corporación entre outros).

Formou parte de tribunais para o acceso á Función Pública e de comisións de selección de bolsas de formación.

Ten formación complementaria en contratación administrativa local (2001), xestión de axudas financiadas con fondos comunitarios para corporacións locais (2001), expropiación forzosa(2001), fiscalización interna das entidades locais galegas (2001), dereito urbanístico e medioambiental (2002), dereito público autonómico de Galicia para persoal de administración local (2002), prevención de riscos laborais (2007), superior do dereito da organización e do procedemento administrativo (2007), cartas de servizo (2008), técnicas de delegación (2008),

cadros de mando e xestión por indicadores (2008), MOODLE para xestores e administradores de cursos (2009), emprego de *wikis* como ferramenta de xestión do coñecemento (2009), administración, empresa e urbanismo sustentable (2015), estado actual e futuro do urbanismo (2016), a Lei 39/2015 (2016), Lei 40/2015 (2016), sinatura electrónica (2017), tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia (2017), sistema de información contable e de Tesourería (2017), Xurisdición Contencioso-Administrativa (2019), Axenda 2030 (2021), e formación en ofimática (Windows 98, Excel e Internet, Access Básico, Open Office).

5.5. [REDACTED]

É Técnico de Administración Xeral (Xurídico), grupo A1, do Concello de A Laracha desde setembro de 2010, e foi Técnico de Administración Xeral (Xurídico) de Urbanismo, Medio Ambiente e Policía Urbana, grupo Ao (nivel 27), do Concello de Sada (2018-2020)

É Licenciado en Dereito.

No seu destino no Concello as súas funcións consisten na emisión de informes xurídicos e propostas de resolución en materia urbanística (licenzas, ordes de execución, declaracións de ruína, reposición da legalidade urbanística, plan e xestión urbanística, expedientes sancionadores), relacións municipais con Notarías e Rexistro da Propiedade, contratación administrativa, responsabilidade patrimonial, medio ambiente (incendios forestais e residuos), bens municipais, e redacción e elaboración de propostas de Ordenanzas e Regulamentos municipais.

Exerce de Secretario da Xunta Local de Seguridade e coordinador do traballo da Policía Local do Concello e substitúe ao Secretario da Corporación nas súas funcións en caso de vacancia, ausencia ou enfermidade

En canto á súa formación complementaria, realizou o curso Superior de formación de funcionarios de Administración Local (2015), Economía Industrial Europea (1999), Dereitos Humanos e Globalización (2001), Disciplina Urbanística (2011), Responsabilidade Patrimonial (2011), Plan, Xestión e Disciplina Urbanística (2012), Protección do Patrimonio Cultural (2012), Función Consultiva para a Administración Local (2012), Ordenación do Litoral, Costas e Planificación Urbanística (2013), Xestión dos Residuos Urbanos (2014),

A Reforma Local a Debate (2014), posibilidades de Mediación nas relacións entre os cidadáns e as Administracións Públicas (2014), Coaching para mellorar o rendemento persoal e profesional nas organizacións (2015), Lei 39/2015 de Procedemento administrativo Común e a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público (2016), Plataforma de Contratos do Sector Público (2018), Competencia dos Concellos en materia de Incendios Forestais (2018), Transparencia e Participación Cidadá(2018), Adecuación ao Novo Regulamento de Protección de Datos persoais (2018), Novas Modalidades do Procedemento Aberto e o Contrato Menor na Lei 9/2017 (2018), Redución da Tensión e Xestión Emocional do Traballo (2019), Mellora do Rendemento persoal e Profesional (2020), Igualdade e Prevención e Loita contra a Violencia de Xénero. (2024), Prevención de riscos laborais (2024), Normativa en materia de costas (2024).

Foi docente no curso sobre a Lei de Contratos do Sector Público (2011), Competencias das Entidades Locais na Lei de Montes de Galicia e a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (2014), Funciones da Policía Local en materia de Urbanismo (2014), Competencias Xerais dos Concellos en materia de Medio (2014), Medio: Urbanismo (2015).

Publicou nun artigo doutrinal de Comentarios á sentenza da Audiencia Provincial de Alacante do 28 de decembro de 2009, Comentarios ao artigo 51 do Texto Refundido da Lei do Solo de 2008.

5.6. [REDACTED]

É funcionaria de carreira do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia dende 2022, ocupando na actualidade o posto de Subdirectora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (2024) no que realiza funcións de elaboración de propostas e informes en materia de relacións institucionais e xestión parlamentaria.

Foi Xefa do Servizo de Desenvolvemento Institucional e Análise Competencial (2022), na mesma Dirección Xeral con funcións en materia de estudo de competencias autonómicas, subvencións a partidos políticos, tramitación de convenios en materia electoral, coordinación e seguimento de conferencias bilaterais.

Como xefa de Área Prevención e Minimización de Residuos (2022) da Consellería de Medio Ambiente, tramitou expedientes sancionadores e emitiu informes na

asesoramento ao Secretario Xeral, e de preparación das resolucións d e recursos administrativos.

Foi letrado habilitado da Asesoría Xurídica Xeral na que realizou tarefas de preparación de informes e, posteriormente, especializouse en materia de contratación, exercendo como profesor colaborador da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), que continua realizando.

Foi Letrado Asesor na Consellería de Cultura, Letrado substituto na Consellería de Medio Rural con funcións de elaboración de informes sobre convenios, reclamacións e asesoramento en Mesas de contratación. Posteriormente foi subdirector xeral na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, na que participou na posta en marcha dos Plans de Actuacións (patrimonio monumental e arqueolóxico, Camiños de Santiago, Catedrais,...), declaración da Muralla romana de Lugo como patrimonio da Humanidade, normativa sobre a actividade arqueolóxica en Galicia, o servizo de Vixilancia do Patrimonio Cultural, Comisións Territoriais de Patrimonio, e participación en proxectos europeos.

No ano 2005, incorporouse ao servizo de Xogo, e posteriormente foi xefe de servizo de Réxime Xurídico e Recursos na Dirección Xeral de Función Pública, con funcións de tramitación de recursos no marco de procesos selectivos e chamamentos de listas.

Na Consellería de Cultura, foi Subdirector Xeral de Centros, na que colaborou na implantación de programas de distribución de libros de texto, redución da conflitividade no ensino e racionalización do gasto en centros escolares públicos.

No 2012 foi Xefe de Gabinete no Concello de Santiago de Compostela e posteriormente obtivo por concurso de méritos, a Unidade Xurídica de Solo, no Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), instituto no que se atopa destinado na actualidade, no que ocupou xefe de servizo en distintas unidades, con funcións en materia de solo empresarial, de vivenda de protección/promoción autonómica, vivenda en alugueiro, ocupando na actualidade o posto de xefe do servizo de Xestión e Réxime Xurídico de Solo con funcións en materia de dotación de solo residencial.

Como formación complementaria, acredita formación en procedemento sancionador tras as leis 39/2015 e 40/2015 (2023), técnicas para preparar presentacións (2023), procedemento de elaboración, técnica normativa e control

xudicial (2023) tramitación administrativa electrónica (2022); procedemento administrativo e réxime xurídico das Administracións Públicas, superior do dereito de organización e procedemento administrativo (2008), superior sobre as Leis 39/2015 e 40/2015 (2016); estatuto básico do empregado público (2008); dereito penal administrativo (2009); sancionador (2023); ofimática (Excel, Word, Access, Powerpoint, LibreOffice), superior de relacións laborais (1996); prevención de riscos laborais (2008); especialización en dereito contencioso-administrativo (1996-1997); procedemento administrativo sancionador (2007); superior de urbanismo (1999); transparencia activa e pasiva e acceso á información pública (2018); igualdade de xénero e perspectiva xurídica (2015); violencia de xénero (2019); deseño e avaliación de políticas públicas con perspectivas de xénero (2017), e planificación estratéxica na xestión pública.

Foi vocal profesional do comité de avaliación externa de varios servizos das Universidades da Coruña e de Vigo(2005); profesor-colaborador na Academia Galega de Seguridade en curso sobre medidas de protección do medio ambiente natural (1996) e dereito constitucional (1998), actualización para membros da Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (2004 e 2006), inspección e control policial do xogo (2007), relator en cursos en materia de patrimonio (1998 e 1999), profesor-colaborador da USC no curso de posgrao sobre administración financeira e tributaria (2000), coordinador das xornadas sobre urbanismo e rehabilitación do patrimonio (2000), profesor-colaborador da EGAP en curso de inspección turística (2000); relator e participante en mesas redondas en distintos cursos sobre patrimonio histórico, e profesor-colaborador da EGAP, impartindo ou titorizando 29 cursos de contratación pública e 28 cursos de procedemento administrativo desde o ano 1995.

5.8. [REDACTED]

É funcionario de carreira, técnico superior de administración (A1) con 27 anos de experiencia en coordinación de proxectos internacionais de planificación, investigación e cooperación con países en desenvolvemento. Ten experiencia en alta dirección/redacción e implementación de proxectos europeos, organización, xestión e loxística de eventos internacionais (organización de conferencias, foros, reunións, desprazamento de equipos internacionais, delegacións internacionais, webminars online... etc.).

Se atopa na actualidade en situación administrativo de excedencia voluntaria.

Galicia (comisión de servizos), na que realizou a tramitación de procedementos de xestión e concesión de subvencións, coordinación funcional coas sedes da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno

No segundo trimestre de 2021, ocupou a Xefatura da Sección de Apoio Técnico, Servizo de Relacións Institucionais, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) (adscripción provisional).

Foi asistente de dirección nunha empresa de automoción (2014-2018), na que levaba as relacións institucionais e de xestión da actividade asociativa, coordinación das reunións do comité executivo, do consello de administración e da xunta xeral e a comunicación interna e coordinación da comunicación externa.

Foi técnica/coordinadora do gabinete da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (2014), e Directora do Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia na VIII lexislatura (2009-2012), na que tiña como funcións a asistencia técnica e funcional á presidenta do Parlamento, dirección, organización e coordinación de todos os servizos dependentes do Gabinete da Presidencia.

De 2005 a 2009, foi Técnica de Responsabilidade Social Corporativa, Comunicación e Relacións Públicas de Caixanova/ABANCA Corporación Bancaria, S.A., con funcións de asistencia á Dirección da entidade, elaboración de informes, ponencias, discursos, organización e protocolo de actos corporativos.

Do 2002 a 2005, foi Xefa do Gabinete da Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado na que realizou funcións de dirección do persoal do Gabinete, asistencia técnica e funcional á conselleira, e coordinación da actividade parlamentaria.

Entre os anos 1998-2002, foi Asesora da Conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, no que realizou funcións de asistencia técnica á conselleira (redacción de informes, artigos, discursos), participación na elaboración dos distintos planes e programas da Consellería e foi seleccionada polo Ministerio de Asuntos Exteriores do Xapón como representante de España no Global Youth Exchange Program, celebrado en Tokyo, Kagoshima e Yakushima (marzo 1999).

É Licenciada en Dereito.

Respecto á súa formación complementaria, acredita formación en linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública (2024), Transparencia (2024), Introducción á UE e ao seu dereito (2024), sistema de integridade institucional da Xunta de Galicia (webinario-2024), revisión dos actos en vía administrativa (2023), directrices de técnica normativa (2022), Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (webinario 2022), Lei de impulso demográfico de Galicia (webinario-2022), Protección de datos persoais (2021), Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (webinario-2019), Superior de responsabilidade patrimonial da Administración Pública (2021), responsabilidade patrimonial da Administración (2021), Lei de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (2021), Lei de réxime xurídico do sector público (2021), Powerpoint (2010), Folla de Cálculo Excel Básico (2010), Contabilidade e Finanzas para Directivos non Financeiros (2008)

Acredita Inglés nivel avanzado Certificate of Proficiency in English (Grade A), Francés (C1) e superior de linguaxe administrativa galega.

5.10. [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia dende 2011.

Ocupa dende outubro de 2024, o posto de Subdirectora Xeral Réxime Xurídico e Administrativo na Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Ocupou o posto de xefa de Servizos de Residuos (xuño a outubro de 2024), con funcións de apoio ao servizo de xestión económica, informes sobre recursos administrativos, expedientes de produción e xestión de residuos, ordes de axudas, e convenios de colaboración.

No posto de Subdirectora Xeral de Economía Social (2021), realizou funcións de tramitación ordes de axudas, contratos, apoio á xestión xurídica, xestión de persoal, xestión de rexistro administrativos, organización eventos e reunións na materia. Ocupou no ano 2020, o posto de xefa do Servizo de Economía Social.

Na Consellería de Sanidade, ocupou o posto de Vicesecretaría Xeral (2019) no que tiña como funcións o apoio á labor de xestión da Secretaría Xeral, asistencia aos Consellos de Dirección, Secretaria do Consello Reitor de ADOS (Axencia de Doazón de órganos, tecidos e sangue), Secretaria do Consello Reitor de ACIS

(Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde), Presidenta do Comité de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería, tramitación de solicitudes de Acceso a información pública, xestión do Portal da Transparencia no ámbito da Consellería, tramitación administrativa e económica dos contratos de Medios, xestión do servizo de persoal.

No posto de Xefa de Servizo de Xestión Económica (2017), tiña como funcións a xestión económica, control financeiro, revisión e tramitación económica de Ordes de subvencións, convenios, tramitación de contratos administrativos, e pagamentos.

Na Consellería do Medio Rural e do Mar, foi Xefa de Servizo de Apoio e Relacións coas Organización Sectoriais (2013), na que realizou funcións de elaboración de normativa, relacións e asesoramento ás Confrarías de Pescadores.

Foi Xefa de Sección Xurídica na mesma Consellería (2012), con funcións de propostas de recursos en materia de montes, incendios, calidade alimentaria, sanidade animal e sanidade vexetal.

Na Secretaría Xeral da Igualdade, foi xefa de Sección no Servizo de Apoio Técnico Administrativo.

Participou en distintos tribunais cualificadores de procesos selectivos para o ingreso na Administración especial e xeral da Xunta de Galicia

Como formación complementaria, realizou curso de integración da perspectiva de xénero na practica administrativa (2024), implantación da Administración electrónica na Xunta de Galicia (2024), monográfico sobre custos simplificados nos fondos europeos no Marco 2021-2027 (2024), xestión e control do programa de Galicia FEDER 2021, (2024), xestión do mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e o conflito de intereses, (2024), Xestión práctica dos orzamentos (2024), elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma (2024), tramitación de expedientes de contratación na Administración Autonómica (2023), xestión das subvencións públicas en Galicia (2023), Coaching para un traballo colaborativo eficaz e motivador (2022), Gasto público, sustentabilidade e Control (2022), Modificacións orzamentarias (2022), superior de linguaxe administrativa, (2022), Tramitación Electrónica integral na Xunta de Galicia (2022), Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia (2022), sistema de información contable e

de Tesourería (XUMCO) (2022), Curso Práctico de Subvencións (2022), Dereito sancionador e control xurisdiccional da potestade sancionadora da Administración (2022), igualdade de xénero: perspectiva xurídica (2022), desenvolvemento e fomento de habilidades comunicativas na Administración pública (2022), a Lei 16/2010 (2022), redacción de documentos técnicos-xurídicos en Galego (2022), uso de ferramentas informáticas para a xestión do tempo (2022), administración electrónica e arquivo electrónico administrativo (2022), xurisdición Contenciosa Administrativa (2022), ferramentas de administración electrónica na Xunta de Galicia (2022), a Lei 39/2015 e 40/2015 (2022), Máster Tesera de Hospitalidad. Contratación Publica Sanitaria (2019).

5.11. [REDACTED]

É funcionario de carreira do Concello de Marín (Técnico de Administración Xeral A1) dende o 2018, no que realiza funcións de emisión de informes e asesoramento xurídico en materia de contratación. Ocupa na actualidade en Comisión de Servizos, o posto de Xefe do Departamento de Urbanismo e de Secretario Accidental do Concello.

Ocupou como funcionario interino dende 2010, postos de Técnico de Xestión e Técnico de Administración Xeral en distintos concellos, con funcións de emisión de informes e asesoramento xurídico en materia de urbanismo, contratación, patrimonio, responsabilidade patrimonial, procedementos sancionadores, convenios administrativos.

É Licenciado en Dereito, Licenciado en Ciencias Políticas, Graduado en Criminoloxía, Máster en Prevención de Riscos Laborais, Calidade e Medio Ambiente, e Máster en Dereito das Institucións e Administracións Públicas.

Respecto da súa formación complementaria, ten formación en dereito urbanístico e ordenación do territorio (2009), superior de Urbanismo (2011), transposición de la directiva de servicios en España (2011), pautas para a aplicación da directiva de servizos e as leis 17/2009 e 25/2009 (2011), aspectos prácticos do urbanismo en pequenos municipios (2011), plan de ordenación do litoral (2011), subsuelo urbanístico e uso excepcional do solo (2011), dereito urbanístico de Galicia despois da modificación da Lei 9/2002, (2011) disciplina urbanística nos concellos de maior poboación, (2011), Estudo de viabilidade de proxectos urbanísticos (2011), Expropiación Forzosa (2011), especialización en la tramitación administrativa de la avaliación ambiental (2012), Aplicación práctica

da Directiva de Servizos na Administración Local (2014), Tratamento do Espazo Rural en Galicia (2014), Patrimonio cultural (2019), Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (2020), creación, tramitación e xestión de expedientes de expropiación forzosa (2020), formación continua en Medio Ambiente (2009), Dereito medioambiental (2013), aplicación práctica da Lei de Contratos do Sector Público (2011), formas de prestación, contratación, control e avaliación dos servizos locais (2012), novidades da lei de contratos do sector público. modalidade (2013), xestión sobre contratación pública (2012), EBEP: xestión de cadros de persoal e de postos de traballo (2011), xestión de nóminas e Seguridade Social (2011), incidencia da reforma laboral nas Administracións Públicas (2013), función consultiva para a Administración Local (2011), patrimonio das Entidades Locais (2011), xestión patrimonial nas Entidades Locais (2012), funcións públicas e responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas (2011), novas instrucións de contabilidade pública local (2011), actualización da normativa básica de réxime local (2012), avanzado de procedemento administrativo nas entidades locais (2012), superior de administración Electrónica (2013), aplicación en Galicia da Lei de racionalización e sostibilidade da administración (2016), novas leis de procedemento administrativo e réxime xurídico (2016), expedientes sancionadores na Administración Local e a súa problemática (2016), relacións coas Administracións Públicas (2017), linguaxe administrativa galega de nivel superior (2024).

Publicou artigos doutriniais en revistas especializadas en materia de normativa no ámbito local (2011), Directiva de servizos y antenas de telefonía móvil (2012), licencias en actuacións promovidas por los propios Ayuntamientos (2013), contaminación acústica (2013), licencias de actividad inocuas (2013), recurso de alzada en la administración local (2014), RDL 8-2014, de 4 de julio, de aprobación de medidas urgentes para el crecimiento, la competitividad y la eficiencia, respecto a las actividades comerciales (2014), Unificación normativa de la tramitación integral de las actividades en Galicia (2014), principio de Autonomía Local (2014), Ley 9/2013, del emprendimiento y de la competitividad, regulación Medioambiental de Planes y Proyectos (2015), responsabilidad en la aplicación del Derecho de la Unión Europea (2015), Evolución de la normativa reguladora comparada de las antenas de telefonía móvil, Comentarios sobre el Proyecto de Ley de Procedimiento Administrativo Común (2015), Adaptación de las Ordenanzas de los Ayuntamientos Gallegos a la Ley 9/2013 (2015), Urbanismo y Contratación Pública (2015), Administración electrónica y simplificación administrativa (2015), Reposición de la legalidad vs. procedimiento sancionador

en el Urbanismo Gallego (2015), Aspectos innovadores de la Ley 40/2015 (2016), Transparencia y Buen Gobierno en Galicia (2016), Estudio sobre las novedades de las Leyes 39/2015 y 40/2015 en el ámbito urbanístico (2016), Ley 2/2016, del Suelo de Galicia: Flexibilización y Pragmatismo (2016), Diversas cuestiones prácticas sobre el nuevo Reglamento de la Ley del Suelo de Galicia y el Reglamento único (2017), democratización de la iniciativa legislativa en las Entidades Locales (2017), Medidas provisionales de Ordenación Urbanística en Galicia (2017), Notas prácticas sobre la Ordenanza única de regulación integrada del ejercicio de actividades y apertura de establecimientos (2017), Normas específicas de contratación pública en las Entidades Locales (2017), participación pública en la iniciativa normativa (2017), aspecto sancionador en la regulación de las actividades económicas en Galicia (2017), comunicación previa de obras en Galicia (2018), continuidad del servicio en los contratos de concesión de servicios en el ámbito de las Entidades Locales (2018), Tramitación de los espectáculos públicos y actividades recreativas en Galicia (2018), Novedades en la regulación del transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia (2018), Actuaciones administrativas de comprobación/verificación y de inspección/control de las actividades económicas en Galicia (2019), Contradicción en las disposiciones sobre los medios de notificación de actos administrativos: Ley vs Instrucción (2019), Actualización práctica de la normativa sobre prevención de incendios en Galicia (2019), Regulación normativa de la tramitación de distintas actividades económicas específicas en Galicia (2019), Primera aproximación a la Ley 1/2019, de 22 abril, de Rehabilitación y de Regeneración y Renovación Urbanas de Galicia (2019), Análisis de las Resoluciones del Consejo de Transparencia y Buen Gobierno en Urbanismo (2019), Breve estudio del Decreto 124/2019, de 5 de septiembre, por el que se aprueba el Catálogo de espectáculos públicos de Galicia (2019), Tramitación de títulos habilitantes en el Estado de Alarma causado por el COVID-19 (2020), Terrazas: Ampliación y COVID-19 (2020), Declaraciones Responsables como peldaños en la escalada económica (2020), Notas sobre las Normas Técnicas de Planeamiento de Galicia (2020), Ineficacia y caducidad en los títulos habilitantes de ejercicio de actividades (2020), Nueva Ley de Ordenación del Territorio de Galicia (2021), Intervención y control administrativo en la Ley 18/2020 (2021), Novedades en materia de protección de datos respecto al urbanismo (2020), Transparencia y urbanismo en el año 2020 (2020), la problemática sectorial de las declaraciones responsables (2021), principio de buena administración y el urbanismo (2021), Reflexiones sobre

cuestiones de actualidad en la tramitación administrativa de actividades económicas (2021), reactivación de las actividades económicas: marco legal (2021), Última jurisprudencia relacionada con las comunicaciones previas y declaraciones responsables (2022), Suspensión en la tramitación y efectos de las comunicaciones previas (2022), Implementación de los ODS desde el Urbanismo (2022), novedades urbanísticas prácticas tras el Real Decreto 203/2021 (2022), Viabilidad urbanística de la instalación de placas solares en edificaciones en fuera de ordenación (2023), director e coordinador do Manual Práctico de Derecho Urbanístico de Galicia (2020) e coautor/colaborador de Guía práctica sobre licencias y títulos habilitantes urbanísticos en Galicia (2020), gestión de los Fondos Next Generation (2021), Comentarios a la Ley de Bases de Régimen Local (2024), ocencia:

Impartiu docencia en cursos de Proyectos de actividad y su tramitación administrativa (2014-2015), Disciplina Urbanística de Galicia (abril (2016-febrero 2017), Nuevas Leyes Administrativas 39/2015 y 40/2015 (octubre 2016 – noviembre 2016), Nueva Ley del Suelo de Galicia (Novembro 2016 – Decembro 2016), Impacto de la Ley 39 y 40/2015 en el Urbanismo (2018-2023), Curso Evaluación ambiental en el urbanismo de las entidades locales (2023), Simplificación administrativa e apoio á reactivación económica no ámbito da Administración Local (2022), ordenación urbanística e do litoral nos concellos costeiros de Galicia (2023)

5.12. [REDACTED]

É funcionario do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia (A1) dende 1993, nos que ocupou un posto base do Grupo A na Consellería de Traballo e Servizos Sociais, participando na Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, posto base do grupo A na Consellería de Cultura, xefe de sección de Cooperativas na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (1997), xefe de sección de reclamacións na Consellería de Pesca (1999), xefe do servizo xurídico-administrativo (2000) no IGVS, posto base do grupo A na Consellería de Xustiza (2000), xefe do servizo de Relacións Laborais na Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (2001), xefe do Servizo de Inventario e Protección do Patrimonio Cultural (2010), Xefe do Servizo de Protección e Fomento do Patrimonio Cultural (2011), xefe de sección xurídica (2011) na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Xefe do Servizo de Contratación e apoio

Administrativo na mesma Consellería (2015), Xefe da Sección Xurídica (2016), Xefe do Servizo Técnico-Xurídico na Consellería de Cultura (2019), xefe de sección do Patrimonio Histórico na Consellería de Cultura (2022), Xefe do Servizo Técnico-Xurídico na mesma Consellería (2022), xefe de sección do Patrimonio Histórico (2023) e xefe do Servizo Provincial da APLU na Coruña (2023) ata a actualidade.

É licenciado e doutor en Dereito e está en posesión do Diploma de Directivo da Xunta de Galicia.

Como formación complementaria, acredita formación en contratos do sector público (2020), patrimonio cultural (2019), responsabilidade patrimonial das entidades locais (2018), trámites para a posta en marcha dunha empresa (2017), nova configuración xurídica do urbanismo e do patrimonio cultural en Galicia (2017), Manual de estilo do DOG (2017), comunicación escrita e elaboración de informes (2017), tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia (2017), urbanismo para arquitectos e outros técnicos ao servizo da Administración (2016-2017), Lei do solo de Galicia (2016), estado actual e futuro do urbanismo (2016), Técnicas de exposición oral para a defensa de traballos e teses de doutoramento (2015), Prevención de riscos laborais (2011), calidade da redacción administrativa (2011), protección do patrimonio cultural e dereito urbanístico (2011), procesador de textos Word avanzado (2009), folla de cálculo Excel básico (2009), linguaxe administrativa galega de nivel superior (2009), Internet e procura de información especializada (2005), xestor de bases de datos relacionais (2004), Dereito urbanístico e ambiental (2004), reforma administrativa da Xunta de Galicia (2004), superior de relacións laborais (2003), procedemento administrativo (2002), superior de urbanismo (1997), lexislación sobre o patrimonio (1997), reforma da xurisdición contencioso-administrativa (1996), perfeccionamento de lingua galega (1993), práctica xurídica (1989-1991).

É autor do capítulo sobre a concorrencia competencial do urbanismo e a protección do patrimonio cultural, do libro colectivo Dereito urbanístico de Galicia (2019), do capítulo sobre as autorizacións urbanísticas e sectoriais previas ao título habilitante municipal, do libro colectivo Guía práctica de licenzas e títulos habilitantes urbanísticos de Galicia (2019), autor do artigo A protección do patrimonio cultural desde ou dereito urbanístico (2018), Autor da monografía Patrimonio cultural e urbanismo (2018), autor do artigo sobre as cargas arqueolóxicas sobre inmobles privados (2013), Autor da monografía A protección

xurídica do Camiño de Santiago (2000). Participou como conferenciante nas xornadas A protección dos camiños históricos (2013) , Cooperativismo e outras formas de economía social (2004), funcionamento do rexistro de cooperativas (2002), normativa xurídica sobre o Camiño (2000), profesor no Máster en Asesoramento Xurídico Empresarial da Universidade da Coruña (2019-2021), profesor no curso A protección do patrimonio cultural (2010), Cursos sobre Protección do Patrimonio Cultural (1999), e foi gañador do Premio Manuel Colmeiro co seu traballo A protección xurídica do Camiño de Santiago no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.13. [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta. de Galicia, Al.

Na súa traxectoria profesional foi xefa unidade de Desenvolvemento Rural e Axudas económicas (1993), e de sección xurídica na Dirección Xeral de Montes, xefa do Servizo de Formación, Cooperación Institucional e Documentación na Dirección Xeral de Turismo (1999), xefa do Servizo de Inspección do Litoral (2008), subdirectora xeral de Protección do Patrimonio Cultural (2009), a disposición Conselleiro de Educación (2013 -2016), xefa da sección xurídica no Xurado de Expropiacións de Galicia e xefa do Servizo de Programas Sociais na Secretaría Xeral de Emigración (2021), que ocupa na actualidade, postos nos que desenvolveu funcións de deseño de accións formativas, tramitación de convenios e subvencións, constitución ou reforma de órganos, participación en proxectos internacionais cofinanciados por fondos europeos, eventos e reunións de cooperación institucional, tribunais de selección de persoal e comisións (de patrimonio histórico, outras), redacción de normas, instrucións de servizo e protocolos.

É licenciada e doutora en Dereito e está en posesión do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

Como formación complementaria aporta curso de posgrao de especialización en organización e xestión de empresas culturais, dereito urbanístico e posgrao en Planeamento e estratexias urbanísticas.

Publicación do libro: Los poderes públicos ante el reto de asegurar el acceso al patrimonio cultural inmueble (2022).

5.14. [REDACTED]

É funcionario de carreira do corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1 (2017) e funcionario de carreira do Corpo de Xestión da Administración Civil del Estado (2005).

Como experiencia profesional no grupo A2, foi Xefe de Sección de Dereitos dos Cidadáns e Seguridade Cidadá na illa de La Palma (2005), desempeñando funcións relacionadas coa tramitación e resolución de expedientes en materia de estranxeiría, réxime sancionador e atención ao público. Foi Secretario Xeral (nivel 26) da Dirección Insular na illa de La Gomera (xuño de 2024 a outubro 2006), desempeñando funcións de xestión de persoal, estranxeiría, armas e explosivos. Foi Habilitado (nivel 20) na Delegación Territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Lugo-Celeiro, Xunta de Galicia, desempeñando funcións relacionadas coa confección de nóminas, Seguridade Social, e xestión orzamentaria (2006). Foi Delegado Comarcal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Carril-Vilagarcía (2007) desempeñando funcións relacionadas coa instrución de expedientes sancionadores en materia de pesca, marisqueo e acuicultura, xestión do persoal, inspeccións na instrución de expedientes de axudas para a modernización de frota. Foi xefe do Servizo de Coordinación Administrativa na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2008) desempeñando funcións de tramitación de expedientes de responsabilidade patrimonial, recursos e reclamacións, administración do Museo Pedagóxico de Galicia, coordinación da tramitación de informes sobre queixas ao Valedor do Pobo e Defensor del Pueblo. Foi xefe de Servizo de Persoal na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación (2010), desempeñando funcións de tramitación dos expedientes de aprobación da Relación de Postos de Traballo, compatibilidade do persoal, pólizas de accidentes do persoal, execución de sentenzas en materia de persoal, emisión de informes sobre queixas ao Valedor do Pobo e Defensor del Pueblo.

Como funcionario do grupo A1, foi Xefe do Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, Formación Profesional e de Réxime Especial na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2017) con funcións de tramitación de expedientes de provisión de postos de traballo e selección de persoal docente, solicitudes de acceso á información pública. Foi Xefe do Servizo Técnico-Xurídico II (2018), na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con

funcións de tramitación de expedientes de responsabilidade patrimonial, sancionadores, resolución de recursos administrativos e expedientes de revisión de oficio, emisión de informes xurídicos e de legalidade nos expedientes de elaboración de disposicións de carácter xeral instruídos. Foi Subdirector de Recursos Humanos e Xestión Administrativa no Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) (2021), con funcións de xestión de recursos humanos, elaboración de convocatorias de procesos selectivos e de provisión de postos, modificación da estrutura organizativa e de postos do Instituto, emisión de informes para a resolución de recursos administrativos, contratación administrativa, convocatorias de axudas, préstamos e avais, xestión do patrimonio inmobiliario do instituto, coordinación da tramitación e emisión de informes sobre queixas ao Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Comisionado de Transparencia. Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Área de Cultura, na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional (2023) con tarefas relacionadas coa resolución de recursos administrativos nos ámbitos da área de cultura, responsabilidade patrimonial, xestión da sección do Rexistro de Fundacións de Interese Galego de ámbito cultural e educativo.

Dende xuño de 2024, Subdirector Xeral do Instituto da Xuventude de Galicia (nivel 30) Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, con tarefas de contratación administrativa do instituto, xestión de ordes de axudas e subvencións, a xestión de convenios de colaboración, a coordinación da elaboración do Plan Xeral de Xuventude, tramitación de disposicións administrativas de carácter xeral, xestión da Campaña de Verán de campamentos e Campos de Voluntariado, programa Carné Xove, emisión de informes sobre queixas ao Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, e das entradas no Sistema integrado de atención á Cidadanía (SIACI).

En canto á formación complementaria realizou curso sobre Normativa Española de Extranjería (2005), Internet (2006), Office XP (2006), Técnicas de Redacción de Informes, Propostas e Resolucións (2007), Regulación sobre Protección de Datos (2007), Base de Datos Access (2007), Implantación dos Recursos Informáticos da Consellería de Pesca (2007), Potestade Sancionadora e o Procedemento Administrativo Sancionador (2008), Dereito Sancionador e Control Xurisdiccional da Potestade Sancionadora (2008), Responsabilidade Patrimonial (2009), Microsoft Office Word (2010), Xestión Orzamentaria (2010), Estatuto Básico do Empregado Público (2012), Procedemento Administrativo (2012), Negociación e Traxallo en Equipo (2013), Aplicacións

Informáticas para Presentacións (2014), Sistema Operativo, Busca da Información: Internet/Intranet (2014), Aplicacións Informáticas de Tratamento de Textos (2014), Leis de Procedemento Administrativo Común e do Réxime Xurídico do Sector Público (2016), Superior de Administración Electrónica (2018), Talleres de Desenvolvemento de Habilidades Directivas (2022), Revisión dos actos en vía administrativa (2023), superior en protección de datos (2023), Asociacións sen ánimo de lucro e fundacións de interese galego (2023), elaboración da normativa autonómica (2024), Tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia (2024).

Foi titor dun módulo no Marco normativo aplicable aos centros docentes. (30 horas).

5.15. [REDACTED]

É funcionario A1, técnico de administración xeral, Máster en Administración Local e en Estudos da Unión Europea.

Como experiencia profesional no ámbito da administración foi Secretario-Interventor, con carácter interino, no Concello de Condado de Treviño (2002), técnico de Administración Xeral, como funcionario interino, no Concello de Sada (2003), técnico de administración xeral adscrito a secretaría, como funcionario interino, no Concello de Sada (2005), técnico de Administración Xeral como funcionario de carreira no Concello de Sada (2007), Director Xeral de Recursos Humanos no Concello de Telde (2016, e técnico de administración xeral no Concello de Sada (2018), posto que ocupa na actualidade.

É licenciado en Dereito.

Achega diferentes representacións e defensas no contencioso-administrativo.

Como formación complementaria relacionada coas funcións do posto a desenvolver achega diploma de directivo da Xunta de Galicia (2014), cursos de protección de datos, cursos do estatuto básico do empregado público, cursos en prevención de riscos laborais, curso sobre liderado, negociación e acordos, cursos de procedemento administrativo, cursos de prevención de riscos laborais, curso de xestión de recursos humanos, curso sobre igualdade entre homes e mulleres, curso sobre agresións ao persoal de atención ao público, cursos de réxime xurídico, cursos sobre responsabilidade patrimonial, cursos de participación e transparencia, curso sobre valoración de postos de traballo na administración,

curso de recursos humanos, cursos sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e home, xornadas sobre potestade sancionadora, curso sobre sinatura dixital, e xornadas sobre silencio administrativo.

5.16. [REDACTED]

É Funcionaria do Corpo Superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (A1) e Funcionaria do Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado (A2), ambas dende 2005.

É licenciada en dereito.

En canto á súa experiencia profesional, foi Posto base Grupo A1 no Servizo Técnico Xurídico e de Contratación do Instituto Galego de Estatística (1998), no Servizo Técnico Xurídico da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (2001) e na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas da Consellería de Presidencia (2005). Foi Xefa do Servizo de Xestión e Cooperación Empresarial na Consellería de Innovación e Industria (2006), con funcións en materia de convocatoria de axudas, emisión de informes a recursos, tramitación de convenios de colaboración, modificacións orzamentarias e seguimento da execución orzamentaria. Foi xefa de Sección Xurídica na Consellería de Economía e Industria (2010), Xefa do Servizo de Programación das Actividades de Formación na Escola Galega de Administración Pública (2010), na que participou na elaboración e execución do plan de formación anual, implantación de procesos de formación, avaliación de actividades formativas, tramitación de convenios de colaboración, procesos de recoñecemento e homologación de títulos de actividades formativas, xestión das bases de datos de profesorado e expertas. Foi Xefa de Sección Xurídica na Consellería de Economía e Industria (2013), Xefa do Servizo Técnico Xurídico na Consellería de Economía, Empresa e Innovación (2016), na Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade (2021), e na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (2024) na que realiza funcións de tramitación de recursos procedementos sancionadores, en materia de fundacións, procedementos de responsabilidade patrimonial, emisión de informes xurídicos, elaboración de instrucións e protocolos de actuación, tramitación de convenios.

En canto á súa formación complementaria, ten formación en réxime financeiro e orzamentario de Galicia (2024), educación emocional (2023), Lei 16/2010 (2022), protección de datos persoais (2020), redacción de documentos técnico-

xurídicos en galego (2019), tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia (2018), sinatura electrónica (2017), Leis 39/2015 e 40/2015 (2016), especialización en excelencia na xestión pública (2012), desenvolvemento e fomento das habilidades comunicativas (2011), medio de protección de datos (2010), defectos do procedemento e o seu reflexo na xurisdición contencioso-administrativa (2010), procedemento e autorizacións administrativas (2010), procesador de textos Word básico (2010), folla de cálculo Excell (2008), captación e xestión de proxectos europeos (2008), experto en asesoramento e consultaría de comercio exterior (2007), xestión orzamentaria (2007), Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (2007), control de axudas públicas (2006), contratación administrativa e procedementos orzamentarios e contables (2001), arrendamentos urbanos e propiedade horizontal (2000), Superior de Especialización en Dereito Civil Galego (1995), e superior de Linguaxe Administrativo Galega (2011)

5.17. [REDACTED]

É secretaria de administración local, con habilitación de carácter nacional na que dende o ano 2007 ata a actualidade ocupa a secretaria do Concello de Ames (de clase 1). De 2003 a 2007 ocupou o mesmo posto sendo o Concello de clase 2, é Secretaria Consello de Administración, Entidade Pública Empresarial Augas de Ames dende febreiro de 2024. Foi secretaria dos concellos de Palas de Rei (1993), Negreira (1996), e A Baña en réxime de acumulación (2000 -2001).

É Licenciada en Dereito.

Foi docente no curso Fórmulas de cooperación en xestión de subvencións nos concellos de Galicia (2005), e como formación complementaria ten formación en Esquema Nacional de Seguridade e linguaxe administrativa galega nivel superior (2020).

5.18. [REDACTED]

Foi Avogada en exercicio (1994-2000), Técnica de Prevención de Riscos Laborais e Asesoría xurídica na Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (2000-2008), Asesora Xurídica Autónoma (2011-2020), Secretaria-interventora interina no Concello de Taboada (Ourense) (2020), Secretaria interina no Concello de Cerdedo-Cotobade (2022), e é Asesora na institución da Valedora do Pobo de maio de 2022 ata a actualidade con interrupción en pequenos períodos).

É secretaria-interventora de Administración Local con habilitación de carácter nacional dende 2024.

É licenciada en Dereito, Máster en Prevención de Riscos Laborais, coas especialidades de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicoloxía Aplicada, auditora de Sistemas de Xestión da Prevención de Riscos Laborais e está en posesión de certificado de Cambridge English level 1

En canto á súa formación complementaria realizou Máster en Dirección de Recursos Humanos (2004), Superior de Relacións Laborais (2008), OSHAS 18001 (2006), Informática. FORMEGA (2007), Violencia de Género (2016), Formación de Persoal Interino para Subescala de Secretaría-Intervención (2019), Emprego e protección por desemprego (1994), Relacións Laborais: o prezo do despido (1999), Habilidades Directivas e Contorno Empresarial (1999), Negociación (1999), Manexo de cambios e conflitos (1999), Seguridade e Saúde laboral (2000), Equipos de protección individual (2004).

Foi relatora na Mesa Redonda no curso de vixilancia da Saúde (2002) e publicou artigos sobre a vixilancia da Saúde na Normativa de Prevención de Riscos Laborais (2018), La discriminación por edad en trabajadores mayores (2018), Acercamiento a los riesgos psicosociales en el sector sanitario, Fichas da obra académica de práctica xurídica Big data ISDE: Protección de los Trabajadores especialmente sensibles a determinados riesgos (2016), Protección de los trabajadores temporales (2016)

Na súa declaración responsable indica que o labor de asesoramento e estudos e informes técnico xurídicos atópase apoiada na formación acreditada e especialmente na experiencia profesional no exercicio autónomo da avogacía e a asesoría xurídica, a elaboración de demandas e información técnico-xurídica aos clientes. Durante a súa etapa de técnica de Prevención de Riscos Laborais, elaborou avaliacións de riscos laborais, control de condicións de traballo, planificación da actividade preventiva ou formación a traballadores e asesoramento xurídico a empresas.

Como secretaria -interventora ou secretaria, realizou as funcións que a normativa atribúe a estes postos.

Como Asesora Técnica de Comunicación, Transparencia e Xénero na Institución da Valedora do Pobo, nas áreas de Xustiza, Garantía dos Dereitos Dixitais,

Igualdade de Xénero e dende xaneiro do 2024, na área de Industria e Comercio, así como intervención nalgúnhas resolucións na área de Corporacións Locais e Servizos Municipais en momentos puntuais de apoio, colaboración na redacción do informe anual nas áreas asignadas, e coordinación do apartado de informes da web da Institución.

5.19. [REDACTED]

É funcionario do Corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (A1), do Corpo de Xestión da Administración Xeral Comunidade Autónoma de Galicia (A2) e do Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado (A2).

Como experiencia na Administración, desempeñou o posto de Xefe de servizo do Rexistro de Comunidades Galegas na Secretaría Xeral de Emigración (2005), Xefe de servizo de tramitación de axudas na mesma Secretaría (2009), Xefe de servizo de xestión económica e contratación na Secretaría Xeral Modernización da Presidencia da Xunta de Galicia (2010), Xefe do departamento de contratación na mesma Secretaria (2012), Xefe de servizo de control económico contractual na Consellería de Traballo e Benestar (2013), Xefe de servizo de contratación e control económico contractual Consellería de Política Social (2016) e Xefe de servizo de seguimento e coordinación orzamentaria na Consellería de Economía, Emprego e industria (2017), Subdirector Xeral Promoción da Autonomía Persoal na Consellería de Política Social (2017) e Subdirector Xeral de programas de persoas con discapacidade na Consellería Política Social e Xuventude (dende 2020 á actualidade).

É Licenciado en Dereito e Posgrao de Especialista en dirección e xestión de empresas.

Ten experiencia profesional na realización de estudos e informes de carácter técnico xurídico e formación específica en linguaxe administrativa e xurídica galega e participación na elaboración de normas xurídicas (accesibilidade de Galicia, acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, recoñecemento e revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galeguidade, Rexistro da Galeguidade).

Participou na redacción, coordinación e seguimento da Estratexia Galega de envellecemento activo (ESGAEN), Estratexia Galega de Discapacidade (ESGADI), Estratexia da Soidade non desexada e Estratexia Galega de Inclusión Social.

Ten experiencia na tramitación de expedientes de subvención, convenios de colaboración, expedientes de queixa, denuncias e reclamacións en materia de maiores e persoas con discapacidade.

En relación coas distintas áreas entre as que se distribúen os asuntos e actuacións desenvolvidas pola Institución da Valedora do Pobo, ten experiencia profesional en materia de Corporacións locais e servizos públicos municipais no Concello de Santiago de Compostela, desenvolvendo distintas funcións relacionadas co funcionamento dos servizos sociais municipais, e na Xunta de Galicia no desenvolvemento de políticas públicas a nivel local especialmente no ámbito dos servizos sociais, urbanismo e novas tecnoloxías (Servizos Sociais, Comisión técnica de accesibilidade AMTEGA e Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica) con formación na lexislación, normativas e procesos administrativos.

Colaborou coa Federación Galega de Municipios e Provincias para a coordinación e posta en marcha de distintos programas e liñas de actuacións destinadas especificamente concellos, mancomunidades e agrupación de municipios da Comunidade Autónoma, experiencia na implementación de novas ferramentas dixitais para a mellora da transparencia e a participación cidadán na toma de decisións locais (AMTEGA), fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías e de métodos de calidade nas administracións locais, relación cos departamentos municipais de urbanismo para investimentos e obras de mellora da accesibilidade e denuncias presentadas na Comisión Técnica de Accesibilidade, redacción e tramitación de Convenios de Colaboración de servizos públicos municipais e programas para a prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos en varios concellos e ordes de subvencións destinadas á mellora da accesibilidade nos concellos, adquisición de vehículos para prestación de servizos a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, e financiamento de actuacións en materia de accesibilidade (NextGeneration EU e Rede galega de atención temperá), elaboración do mapa de recursos da Rede Galega de Atención Temperá en colaboración cos concellos, xestión de programas de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo

local no eido da cooperación Galicia-Norte de Portugal, xestión e mantemento do Portal Eido Local.

En materia de industria, comercio e expropiacións, participou na tramitación de expedientes en materia de enerxías renovables, infraestrutura para o subministro de enerxía eléctrica e de gas natural, xestión de autorizacións e rexistro de instalacións, xestión do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, programas de axuda ao pequeno comercio e expedientes de expropiación forzosa.

En materia de urbanismo, obras públicas, vivenda e transportes, realizou estudos e informes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, procedementos de expropiacións e construcións de estradas, normativa sobre ordenación, control e a inspección dos transportes mecánicos por estrada, ferrocarril e cable; rexistro de empresas, vehículos, custos e tarifas; outorgamento de autorizacións de transporte público, normativa sobre políticas de vivenda pública, participando na Comisión Permanente Consello Galego de Transportes e na Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo. Dende novembro de 2017, representa á Consellería de Política Social e Xuventude na Comisión Técnica de Accesibilidade.

Na Secretaría Xeral de Emigración tramitou expedientes de axudas aos centros e comunidades galegas en materia cultural, asistencia social, emprego, retorno, sanidade e educación, así como asesoramento, apoio técnico e coordinación da Mesa Galega da Emigración, do Consello de Comunidades Galegas, Comisión Delegada das Comunidades Galegas (secretario) e outros órganos de consulta e asesoramento das institucións da comunidade autónoma coas entidades galegas no exterior.

En materia de dereitos dixitais e novas tecnoloxías, desenvolveu funcións de asesoramento económico e orzamentario ás unidades da AMTEGA, xestión económica e orzamentaria, convenios de colaboración e cooperación, convocatorias de axudas en materia de fomento da sociedade da información e telecomunicacións e coordinación, supervisión e o seguimento da contratación administrativa da dita Axencia.

Na Área de economía, emprego e industria no ano 2017, traballou nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, investigación, desenvolvemento e innovación, industria, seguridade industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía, minas e recursos minerais, artesanía, comercio interior e exterior,

consumo, así como a planificación, en colaboración coa consellería competente en materia de vivenda e solo, e das infraestruturas dos servizos empresariais do solo industrial, e coordinación, impulso e seguimento das axudas públicas xestionadas pola Consellería, elaboración e coordinación dos estudos estatísticos, xestión dos obxectivos estratéxicos e operativos en aplicación do Plan estratéxico de Galicia e os plans sectoriais da propia Consellería.

En materia de maiores, discapacidade, inclusión social, familia e mocidade, dende o ano 2017 ata a actualidade, elaboración deseño e posta en marcha de programas, proxectos e servizos, convenios e ordes de subvencións orientados á integración social das persoas maiores e con discapacidade, prevención das situacións de dependencia, promoción da autonomía persoal, promoción do envellecemento activo e o fomento das relacións interxeracionais, así como o apoio aos programas de inserción socio laboral das persoas con discapacidade, servizos de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade ou dependencia, e preparación e o seguimento da colaboración para a formación e especialización dos/a profesionais da área.

Na área de sanidade, dende o ano 2017, participa en distintos órganos colexiados coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde na coordinación e posta en marcha de distintos servizos destinados a nenos de 0-6 anos con problemas no seu desenvolvemento ou en risco de padecelos (Consello Autonómico da Atención Temperá e na Comisión Técnica da Atención Temperá) e colaborou nos protocolos de actuación para facer fronte ás consecuencias Covid-19, así como na dotación de equipos de protección individual nos servizos residenciais ou de calquera outro tipo.

En materia de emprego público dende 2017, tramitou expedientes para a contratación de persoal laboral, informes sobre provisión de postos de traballo, provisión de comisións de servizo, concesión de permisos, vacacións, flexibilidade e teletraballo.

Como membro do Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega participou na realización de estudos sobre discapacidade na función pública de Galicia e cota de reserva para persoas con discapacidade nos procesos selectivos

Así mesmo, participou como membro de tribunais e comisións de selección de persoal laboral e persoal funcionario.

É Presidente da Comisión Técnica de Accesibilidade, asesor do director Xeral no Consejo Territorial de Servicios Sociais e do Sistema Para a Autonomía e Atención á Dependencia, participa no Consello Galego para a promoción da accesibilidade e a supresión de barreiras, Consello Galego de Benestar Social, Comité de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Política Social e participou na Subcomisión de contratación centralizada Consellería de Presidencia, Consello Autonómico da Atención Temperá e a súa Comisión Técnica, Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega.

En canto á formación relevante relacionada co posto ao que opta, acredita a realización de Seminario de contratación pública sobre Compra pública innovadora (2014), curso sobre as novas leis de procedemento administrativo común e réxime xurídico do sector público (2016), Estatuto básico do empregado público (2013), xestión empresarial contabilidade informatizada, Curso de custe das operacións e servizos bancarios, Control de axudas públicas, A intervención pública na economía europea (2023), así como formación en Competencia dixital en ofimática, Plan Formativo Ofimática de Galicia , Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office), Sistema operativo Internet/Intranet e correo electrónico, Aplicacións informáticas de tratamento de textos Open Office, aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office)(2013) , Sistema operativo, busca de información, Internet/Intranet e correo electrónico (2013), aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office) (2013), aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office)(2013)

En cando a idiomas, Nivel 2 de Lingua inglesa na Escola oficial de Idiomas da Coruña e Curso superior de linguaxe administrativa galega.

5.20. [REDACTED]

É funcionario do corpo de xestión da Xunta de Galicia (A-2) dende (1993), e do Corpo Superior da Xunta de Galicia (A-1) dende 2009.

É licenciado en dereito e licenciado en Ciencias Políticas e da Administración. esta en posesión do diploma de directivo.

Na súa traxectoria profesional no ámbito da xestión económico-Financeira e da contratación administrativa, ocupou o posto de Xefe de sección de control orzamentario e apoio na Consellería de Economía do (1995), Secretario Xeral do

Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), do 12/03/1999 ao 17/04/2000, Xefe do servizo de contratación do IGVS e da Consellería de Vivenda e Solo (2002) e Xefe do servizo de apoio técnico e administrativo, na Xunta consultiva de contratación administrativa de Galicia dende o 2015 ata a actualidade.

En canto á súa formación complementaria, realizou cursos de tramitación electrónica integral (2019), superior de contratación pública (2018), Planificación estratéxica (2017), arquivo (2016), procedemento administrativo (2016), aplicacións informáticas (tratamentos de textos, presentacións gráficas) (2016), prevención e xestión conflitos, negociación, traballo en equipo, técnicas de redacción de informes, curso superior de Administración electrónica (2010), superior de dereito público (2006), Escola de práctica xurídica, lingua portuguesa, lingua alemá, lingua inglesa e Superior de linguaxe administrativa galega (2010). Impartiu docencia no curso elaboración de pregos, Axilidade na contratación pública e nas Xornadas E-martes (formación práctica dixital das aplicacións informáticas expedientes de contratación).

5.21. [REDACTED]

E funcionaria do Corpo Superior da Xunta de Galicia (A1) dende 2009.

É licenciada en dereito, en administración e dirección de empresas, Máster en negocio e dereito marítimo e Grao en ciencias xurídicas das administracións públicas.

En canto á súa experiencia profesional, é na actualidade Xefa de Sección Xurídica no Departamento Territorial de Pontevedra-Consellería de Vivenda (2016), con funcións de instrución de expedientes sancionadores e recursos en materia de protección de estradas, xefa de sección xurídica na Consellería de Medio Ambiente (2015), con funcións de instrución de expedientes de responsabilidade patrimonial, e posto base grupo A na Consellería do Mar (2009) con funcións de tramitación de permisos de explotación para o exercicio da pesca e para o exercicio do marisqueo e plans de explotación.

Como formación complementaria ten curso superior de linguaxe administrativo galego (2013), revisión en vía administrativa de títulos habilitantes de natureza urbanística (2023), superior en protección de datos (2023), Aspectos avanzados e implantación da normativa de protección de datos (2023), Avanzado en

comunicación e colaboración dixital (2022), Conversa en inglés (2022), Aproveitamento da información estatística dispoñible no Instituto Galego de Estatística (IGE) (2021), Fundamentos de QGIS aplicado ao planeamento urbanístico (2020), superior de Administración Electrónica (2020), follas de cálculo (2019), bases de datos relacionais (2018), marco normativo do urbanismo en Galicia (2017), Lingua inglesa B1.II (2016), lingua alemá A1 (2016), Perfeccionamento de xefatura de sección (2016).

5.22. [REDACTED]

É funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional dende 2016.

En canto á súa experiencia profesional, ocupou os posto de secretaría Clase 2ª no Concello de Noia (2016), secretaría Clase 3ª no Concello de Paredes de Nava (2017), secretaría Clase 2ª Concello de Noia (2017), secretaría Clase 3ª no Concello de Valderas (2018), secretaría Clase 2ª no Concello de Noia (2018), secretaría Clase 3ª na Mancomunidade Serra do Barbanza (2018) secretaría Clase 3ª no Concello de Boimorto (2019), secretaría Clase 3ª no Concello de Durelo (2019), secretaría Clase 3ª no Concello de Boimorto (2019), Intervención clase 2ª no Concello de Arzúa (2020), secretaría Clase 3ª no Concello de Boimorto (2020), e secretaría Clase 2ª no Concello de Padrón (2022).

Nestes postos, realizou funcións de impulso dos expedientes de contratación, asesoramento xurídico e fiscalización non seu caso, funcións de transparencia, nas prazas de Intervención e Secretaría-Intervención, funcións de asesoramento e fiscalización preceptiva e modificacións orzamentarias.

E Licenciado en Dereito

Como formación complementaria acredita mediante certificado, formación en Elaboración de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas na Administración local, superior sobre as leis 39/2015 e 40/2015, recursos administrativos na nova Lei 39/2015, nova Lei de contratos do sector público na Administración local, os procedementos de contratación nas entidades locais, a intervención do Consello Consultivo de Galicia na nova Lei de Contratos do Sector Público, Participación e transparencia no ámbito local, responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador no ámbito local, organización municipal, actualidade xurídica de réxime local, relacións de postos de traballo

na Administración Local, réxime disciplinario en materia urbanística no ámbito local, función de control e inspección urbanística nos pequenos municipios, Guías prácticas de exercicio da función interventora en pequenos e medianos concellos, intervencións administrativas en materia de urbanismo no ámbito local, práctico sobre responsabilidade patrimonial das entidades locais, Réxime xurídico das subvencións das entidades locais, Persoal laboral temporal na Administración Local, Xestión da Tesouraría Municipal, Funcións dous funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, Plans de saneamento económico financeiro e de axuste nas entidades locais, Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, Xestión orzamentaria en entidades locais, función consultiva do Consello Consultivo de Galicia para a Administración local, Elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, responsabilidade patrimonial por razóns de carácter urbanístico, Tramitación e xestión de expedientes de expropiación forzosa no ámbito local, Fiscalización e control da actividade de entes locais, especialización para a cualificación en competencias a titores de funcionarios Habilitados Nacionais en prácticas.

5.23. [REDACTED]

É funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia dende 2007.

É licenciado e doutor en dereito

Na súa experiencia profesional dende setembro de 2024, é Letrado (habilitado) do Servizo Galego de Saúde, posto no que ten funcións de elaboración de informes, participación en mesas de contratación, escritos procesuais e asistencia aos xulgados. Ocupou o posto de Vicesecretario xeral da Consellería de Sanidade (2023) con funcións de apoio na xestión, seguimento e coordinación das unidades da consellería e do Servizo Galego de Saúde, elaboración de estudos e propostas sobre estrutura, organización e deseño de procedementos administrativos, asistencia técnica, xurídica e administrativa á titular da Secretaría Xeral Técnica, coordinación, xestión e seguimento dos procedementos en materia de transparencia, tramitación de expedientes de queixa, así como os derivados da garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración e supervisión da xestión dos expedientes de contratación administrativa.

Foi Xefe do Servizo de Espectáculos Públicos e Desenvolvemento Normativo (Xaneiro 2023-outubro 2023), con funcións de xestión administrativa e tramitación dos expedientes, emisión de informes, nas materias propias da dirección xeral.

Como Secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública (2017), desempeñou a secretaría do Consello Reitor e control da execución dos acordos, xestión do orzamento e do patrimonio da Escola, xestión e supervisión da contratación administrativa, asesoramento xurídico e financeiro, supervisión do cumprimento da normativa sobre o tratamento de datos de carácter persoal

Como Xefe do Servizo de Xogo na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Xuño 2011- marzo 2017) levou a cabo a tramitación administrativa, tramitación de disposicións normativas de carácter xeral e elaboración de Informes

Foi Xefe Sección Xurídica no Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Medio Rural (2011) con funcións de tramitación das resolucións de recursos interpostos en relación a expedientes sancionadores, apoio e asesoramento en relación ás propostas de disposicións elaboradas polos distintos centros directivos da consellería e como Inspector de Xogo na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (2010) realizou a supervisión e control do cumprimento da normativa sectorial en bingos e casinos, elaboración de informes e actas e tramitación de expedientes administrativos.

Foi Xefe de Sección Xurídica no Servizo Técnico-Xurídico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (2009) con funcións de elaboración e tramitación de disposicións de carácter xeral, tramitación de resolucións de recursos relativos aos procedementos sancionadores, reclamacións de responsabilidade patrimonial e Xefe de Sección de Programas Europeos na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (2008) con funcións de promoción e divulgación dos programas europeos de subvencións existentes destinados á xuventude

Entre os anos 2006-2010 foi membro do Grupo de Investigación Impostos e gasto público do área de Dereito Financeiro e Tributario, entre os anos 2006-2008, membro do proxecto sobre propostas de reforma dos estatutos de autonomía e a súa incidencia na articulación do poder tributario, entre os anos 2005-2007 impartiu docencia en Dereito Financeiro e Tributario I e II na Facultade de Dereito e na Escola de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de

Compostela). Foi nos anos 2005-2007 investigador predoutoral no Departamento de Dereito Público Especial.

Como formación complementaria ten o curso Superior de Linguaxe Administrativa Galega (2023), Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero (2022), Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector publico, contratos do sector publico, emprego publico de Galicia, xestor de expedientes de contratación (PLATION), Formación básica para titorización de cursos na plataforma Moodle, Planificación e toma de decisións (2019), convenios de colaboración e as encomendas de xestión (2018), lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (2017), Introducción a protección de datos persoais (2016), Principios de boa regulación no ámbito normativo estatal e autonómico, Prevención de riscos laborais, Directivos das Administracións Públicas, superior sobre as Leis 39/2015 e 40/2015 (2015), solicitudes de autorizacións administrativas, declaracións responsables e comunicacións previas (2014), dirección de equipos de traballo (2012), inglés intermedio (b2) (2011), procedemento administrativo (2009), función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia, e especialización en dereito tributario e contabilidade (2003)

Foi no ano 2023, director e relator do curso para a obtención da habilitación de controlador de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, relator na xornada sobre actualización normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, en 2020, Director do Curso de Apoio á preparación do proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no Corpo Administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupos C1, C2, A2 e A1, en 2016, Formador de preparación de opositores para o acceso ao corpo facultativo superior de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Relator en 2015 da na actividade formativa Procedemento sancionador,

5.24. [REDACTED]

É técnica de administración xeral do Concello de Arzúa, A1 dende 2010 e anteriormente foi avogada fiscal substituta da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consultora de empresas e asesora da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

É licenciada en Dereito.

No posto de Técnico de Administración Xeral, esta adscrita ao Departamento de Secretaria Xeral do Concello, tramita procedementos administrativos relativos á contratación administrativa e á selección de persoal, elabora estudos, formularios, informes e normativa de carácter interno, informa e ocupa de forma accidental a secretaria do Concello, nos supostos de ausencia do secretario/a titular.

Como formación complementaria aporta cursos en materias, entre outras, de sucesións (2009), contratación pública (2008, 2012, 2016), urbanismo (2010), violencia de xénero (2009), fiscalización de gastos (2010), directiva de servizos (2011), protección de datos (2011), procedemento administrativo (2013), e delitos no ámbito administrativo (2014), contratación electrónica (2015), .

Foi titora do prácticum da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela.

5.25. [REDACTED]

É Letrado da Administración de Xustiza no Xulgado do Social nº 1 de Pontevedra dende o ano 2022, e ocupou con anterioridade o posto de letrado no Xulgado do Penal nº 1 da Coruña (2018) e no Xulgado de Primeira Instancia nº 5 de Inca (2012)

De decembro de 2019 a xuño de 2024 de 2020, foi Letrado asesor do Ministerio de Xustiza (Comisión de Servizos) na Dirección General de Modernización de la Justiza, Desarrollo Tecnolóxico y Recuperación de Activo.

É licenciado en dereito.

Como Letrado da Administración de Xustiza no Xulgado do Social exerce a Dirección técnico-procesual da Oficina Xudicial, exercicio da fe pública xudicial, impulso procesual, xestión, organización e supervisión do persoal en aspectos técnicos-procesuais, exercicio de funcións de execución en materia laboral, tramitación e control de embargos, poxas xudiciais e adxudicación de bens e xestión da conta de depósitos e consignacións, colaboración co Fondo de Garantía Salarial, resolución de incidentes de execución, instrución de expedientes disciplinarios, intervención en procedementos de conciliación no ámbito laboral,

Como Letrado Asesor de Planta no Ministerio de Xustiza realizou funcións de asesoramento técnico-xurídico na resolución de incidencias dos usuarios no uso de aplicacións tecnolóxicas de apoio á Administración de Xustiza, deseño, implantación e seguimento de ferramentas tecnolóxicas de apoio á Administración de Xustiza elaboración de informes técnicos e de constitucionalidade en relación con textos normativos autonómicos, participación na redacción do Anteproxecto de Lei de Medidas de Eficiencia Procesual do Servizo Público de Xustiza, intervención en comisións do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica.

Como Letrado no Xulgado do Penal realizou a coordinación e supervisión de procedementos penais, exercicio de funcións de execución no ámbito penal, documentación de actos procesuais, xestión da axenda xudicial, e colaboración con outras administracións

Como Letrado da Administración de Xustiza no Xulgado de Primeira Instancia exerceu funcións de xestión de procedementos civís, dirección técnica da Oficina Xudicial, exercicio da fe pública xudicial, funcións en materia de execución civil, exercicio da secretaria de expediente disciplinario, e colaboración con outras administracións e organismos.

Como formación complementaria realizou o Curso de linguaxe superior xurídica galega de nivel superior (2024), Curso sobre a función do Letrado da Administración de Xustiza (2024), Máster Executivo en Intelixencia artificial (2022), Diploma de especialización en Intelixencia (2022), Contratos no Sector Público (2019), Medios electrónicos da Administración de Xustiza (2019), Expediente xudicial electrónico (2018), Cooperación Xurídica Internacional civil (2016), Dereito Foral Gallego (2015), Sinatura electrónica (2014), Excel, Power Point e Word (2014), Formación en Xestión Pública na Administración de Xustiza (2013), Innovacións Tecnolóxicas na Admón. de Xustiza: Intelixencia artificial (2021), Metodoloxía de Traballo dos Letrados de daAdmón. de Xustiza (2020), Expediente xudicial electrónico (2020), taller practico Xurisdición Voluntaria (2018), execución forzosa no proceso civil (2016).

Publicou un artigo sobre Debate Xurídico: Desafíos do Metaverso (2023) e Cuestionarios para Secretarios Xudiciais Online (2013)

5.26. [REDACTED]

Inspectora de Traballo e Seguridade Social (A1) dende o 2011,

É licenciada en dereito e na actualidade Inspectora de Traballo e Seguridade Social na provincia de Lugo e vogal do Equipo de Valoración de Incapacidades do INSS.

Foi Inspectora de Traballo e Seguridade Social na provincia de Pontevedra (2022), e Xefa de equipo de inspección en Bilbao (2021), Inspectora de Traballo do Gobierno Vasco (2017) e Inspectora de Traballo da Generalitat de Cataluña (2013)

É docente na Escola de Inspección de Traballo dende o ano 2021.

Como formación complementaria realizou o Máster de Formación Permanente en Problem Solving (2024), cursos de Liderazgo remoto, xestión de persoas e dirección de recursos para o persoal (2024), e entre os anos 2013 – 2020 realizou múltiples cursos de Acceso e seguridade en buques, PRL para inspeccións marítimas, exposición a po de sílice, Convenio sobre traballo marítimo, PRL na actividade pesqueira, PRL na conducción, seguridade para traballos en altura e espazos confinados.

Ten coñecementos en materia laboral (contratos, nóminas, convenios colectivos...), seguridade social, emprego, estranxeiría, plans de igualdade, prevención de riscos, acoso laboral e sexual, discriminacións por razón de xénero, riscos psicosociais, expedientes de regulación de emprego e folgas, entre outras materias.

5.27. [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia dende 2005.

Dende o ano 2017, ocupa o posto de Secretaria do Pleno do Consello Consultivo de Galicia no que realiza funcións de lectura e suxestións na redacción de ditames e informes xurídicos sobre proxectos de regulamentos, recursos de inconstitucionalidade, revisións de oficio, resolucións de contratos administrativos, nulidade de pleno dereito en materia tributaria, responsabilidade patrimonial, modificación de instrumentos de plan urbanístico ou outros asuntos locais e preparación do proxecto da memoria de actividades anuais.

Na Consellería de Sanidade Servizo Galego de Saúde (2013), foi Xefa do Servizo de Xestión de Persoal, na que xestionaba o persoal estatutario, funcionario e laboral, asistencia a Mesas de Negociación e Comisións de Persoal, elaboración de informes xurídicos en materia de persoal e xestión de recursos humanos.

Foi Xefa de Sección de Réxime Xurídico no Servizo Galego de Saúde (2011) no que tramitou recursos administrativos e reclamacións previas á vía xudicial laboral e participou en grupos de traballo e comisións técnicas en materia de listas de contratación.

Na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (2007) foi Xefa do Servizo de Persoal na que elaborou propostas de resolución de reclamacións previas á vía laboral e recursos do persoal da Consellería, execución de sentenzas, tramitación de informacións reservadas previas e a instrución de expedientes disciplinarios e asistencia a Mesas de Negociación e Comisións de persoal.

No posto de Xefa de Sección Xurídica, na Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda (2006) tiña como funcións o apoio xurídico e elaboración de informes xurídicos, redacción dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, tramitación administrativa da resolución de contratos administrativos.

É Licenciada en Dereito

Ten Diploma de Directivo Público Profesional (2010), experto en cumprimento no sector público (2020) e participou como titora de diferentes módulos en cursos de Dereito administrativo na Universidade de Vigo (2019 a 2024), na ACIS (Sergas), Academia Galega de Seguridade Pública (AGSP) e na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), durante os últimos anos (2019 a 2024).

Como formación complementaria, realizou o Curso de Formación y asesoramento para la inserción laboral de las mujeres (2001), actualización de la lengua y del lenguaje administrativo gallego (2006), Técnicas de redacción de informes, propuestas y resoluciones (2006), expropiación Forzosa (2006), responsabilidad patrimonial de la Administración (2006), Francés básico (2006) Régimen Jurídico en las Administraciones Públicas (2006), Salud laboral en las Administraciones (2006), Gestión Medioambiental y Desarrollo Sostenible (2007), Gestión de Personal (2007), Personal en las Administraciones Públicas (2007), Lenguaje administrativa gallega de nivel medio (2007), Calidad en las

Administraciones Públicas (2007), Derecho sancionador y control jurisdiccional de la potestad sancionadora (2008), Contratación administrativa (2008), Derecho del Trabajo y contratación (2008), actualización de mandos intermedios (2008), Gestión económica y presupuestaria (2008), Superior de Relaciones Laborales (2009), elaboración de disposiciones de carácter general (2008), Diploma de Directivo da Xunta de Galicia (2009), Técnico Superior en Prevención de Riesgos Laborales en las especialidades de Higiene Industrial, Ergonomía y Psicología aplicada y Seguridad en el Trabajo (2009), Procedimiento de responsabilidad disciplinaria de los funcionarios (2010), Medio de protección de datos (2010), Superior Lenguaje administrativa gallega (2011), Inglés Básico 1 y 2 (2012), Ofimática (2011), Gestión del tiempo (2013), Lengua Inglesa (2013), recursos administrativos en la nueva Ley 39/2015 (2017), Acción formativa con la titulación de Training System LOPD (2018), Introducción a la protección de datos personales (2018), tramitación electrónica integral en la Xunta de Galicia (2018), primeros auxilios (2019), régimen jurídico del silencio administrativo (2019), Lengua Inglesa, nivel básico 1 (2019), firma electrónica y DNI electrónico (2019) Comunicación interna (2019), Herramientas y técnicas para hablar mejor en público (2019), Ley 2/2015 (2019), Técnicas para una buena redacción de los documentos administrativos (2019), Planificación y toma de decisiones (2019), Resolución de conflictos de consumo (2020), Introducción a la protección de datos personales (2020), La intervención del Consejo Consultivo de Galicia en la nueva Ley de contratos (2020), gestión de personal: la función pública (2020), responsabilidad patrimonial (2020), Consumo y finanzas (2020), experto en cumplimiento en el sector público (2020), Comercio electrónico (2020), Estructura y composición de documentos de contenido jurídico (2020), prevención y gestión de conflictos (2020), Real decreto legislativo 5/2015 (2020), Ley 4/2019, de 17 de julio, de administración digital de Galicia (2021), Seguridad de la información de la Xunta de Galicia (2021), Herramientas para el teletrabajo en el sector público de Galicia (2021), Los recursos administrativos en la Ley 39/2015 (2021), Revisión dos actos en vía administrativa, Lenguaje administrativo no sexista e imagen igualitaria en la práctica de la gestión pública (2021), Estructura y composición de documentos de contenido jurídico (2021), Destrezas personales (2021), Ofimática en la nube: Google Drive (2022), Ley 39/2015 y 40/2015 (2022), Conciliación de la vida personal, familiar y laboral (2022), Básico en igualdad y prevención y lucha contra la violencia de género (2022), responsabilidad patrimonial de la Administración pública (2022), Tutoría y enseñanzas para e-learning Talenta

(2023), Community manager. Talentia (2023), Competencias digitales básicas (2023), Transparencia: acceso a la información pública y publicidad activa (2023), Ley general de derechos de las personas con discapacidad (2023), enfoque de género en el diseño, ejecución y evaluación de planes, programas y proyectos (2023), Herramientas para el teletrabajo en el sector público de Galicia (2023), Ciberviolencias sexistas (2023), Integridad institucional y planes antifraude (2023), Prevención de riesgos laborales. Nivel básico (2024), Comdix iniciación competencias digitales (2024), elaboración de la normativa autonómica (2024), Cloud: herramientas de trabajo online en la nube (2024), Trámites en línea e identidad digital (2024), Igualdad y prevención y lucha contra la violencia de género (2024).

É coautora na publicación da Guía práctica sobre responsabilidade patrimonial da Administración en urbanismo (2019)

6. Valoración da experiencia e formación das persoas solicitantes en relación coas funcións atribuídas á xefatura de servizo de Apoio.

Fiase a continuación unha valoración da experiencia profesional e formación da idoneidade dos candidatos/as para o desenvolvemento das funcións de apoio administrativo ao funcionamento da Institución e ás áreas³ nas que se clasifican as queixas que se tramitan.

6.1.

Ten unha longa traxectoria na Administración autonómica e ocupa na actualidade un posto de xefa de servizo de Xestión de Proxectos na Consellería do Mar. Ocupou postos de diversa responsabilidade na Administración Autonómica como o de vicesecretaria xeral na Vicepresidencia Primeira, e postos con funcións de asesoramento xurídico en facenda, competencia, relacións laborais e Administración pública.

Ten formación complementaria en áreas como normativa laboral, xestión orzamentaria, dereito da competencia, e técnicas de redacción de informes.

³ educación, agricultura, gandería, pesca e medio rural, menores, dereitos lingüísticos, cultura, turismo e deportes, medio ambiente, obras públicas e expropiacións, vivenda e desafuzamentos, servizos sociais, emigración, transparencia, sanidade, discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, urbanismo, administración económica e transportes, seguridade cidadá protección civil, industria e comercio, xustiza, garantía dos dereitos dixitais, igualdade de xénero, corporacións locais e servizos municipais, emprego público e traballo, transparencia

6.2. [REDACTED]

Ten experiencia profesional na Administración como funcionario de carreira bastante mais reducida que outras persoas candidatas (2017) no Corpo de Tramitación Procesual e Administrativa, no Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado dende 2023, e como grupo A1 dende 2024.

É graduado en Dereito, con varios másters en áreas de dirección pública e dereito, formación en técnicas de auditoría, xestión de presupostos, dereito público, e outros cursos xerais relacionados coa administración pública.

Considérase que aínda que conta con ampla formación en administración xeral, e formación especializada en dereito dixital, intelixencia artificial, asuntos consulares, entre outras, non acredita ter experiencia profesional no exercicio de funcións relacionadas co posto ao que opta.

6.3. [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia dende 2011, ocupando diversos postos de responsabilidade na administración autonómica, ocupando na actualidade o posto de Vicesecretaria Xeral da Consellería do Mar dende 2020, don funcións en materia de tramitación e xestión administrativa.

Ten experiencia profesional en materia de educación, inclusión social e atención a persoas inmigrantes.

Ten extensa formación complementaria en áreas como protección de datos, transparencia, calidade dos servizos públicos, e contratación pública, e experiencia docente en cursos relacionados con financiamento europeo, accesibilidade e procedemento sancionador en materia de consumo.

6.4. [REDACTED]

Destaca da candidata a combinación da súa formación xurídica, experiencia na administración autonómica e local, e o seu traballo en diversas áreas de xestión e asesoramento xurídico nas áreas de urbanismo, vivenda, medio ambiente, costas, educación, formación de persoal ao servizo da Administración e auditoría de contas.

Así mesmo a candidata posúe ampla formación e ampla experiencia en dereito, xestión pública (elaboración de informes, tramitación de convenios, ordes de subvencións..) e asesoramento, especialmente en áreas de urbanismo, medio ambiente, e xestión administrativa.

6.5. [REDACTED]

É na actualidade Técnico de Administración Xeral do Concello de A Laracha, con experiencia en Administración Local, se ben mais reducida que outras persoas candidatas, con funcións principais en materia urbanística, contratación, responsabilidade patrimonial e medio ambiente.

Ten formación complementaria en urbanismo, patrimonio, Administración Local, costas e medio ambiente, contratación, transparencia, igualdade e foi docente en materia de urbanismo e medio ambiente.

6.6. [REDACTED]

Ten unha experiencia menor que outras persoas candidatas como Funcionaria de carreira (dende 2022) ocupando dende 2024, o posto de Subdirectora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias no que realiza funcións en materia de relacións institucionais e xestión parlamentaria.

Ten experiencia en materia de medio ambiente, contratación e expedientes sancionadores, se ben como persoal laboral.

Posúe formación en dereito administrativo, contratación pública, protección de datos e relacións institucionais, Formación en transparencia, prevención de riscos laborais e responsabilidade patrimonial.

6.7. [REDACTED]

O candidato posúe unha dilatada experiencia en materia de patrimonio cultural, educación e vivenda, na elaboración de informes xurídicos, tramitación de recursos administrativos, contratación, xestión de subvencións e desenvolvemento normativo.

O candidato acredita unha extensa formación en dereito administrativo, contratación pública, procedemento sancionador, planificación estratéxica, transparencia, igualdade, urbanismo.

Ten experiencia como docente e colaborador en diferentes institucións en materia de contratación pública, procedemento administrativo e patrimonio cultural.

6.8. [REDACTED]

O candidato posúe unha sólida formación xurídica e ampla experiencia en xestión de proxectos internacionais, cooperación universitaria e relacións institucionais, así como formación nas ditas materias, se ben a súa experiencia e formación non está directamente relacionada coas funcións do posto ao que opta.

6.9. [REDACTED]

A candidata ten unha experiencia profesional como funcionaria de carreira mais reducida que a maioría das persoas solicitantes (dende 2021) ocupando na actualidade un posto de xefa de sección. Ten experiencia como funcionaria en materia de comercio e emigración.

Como persoal eventual (persoal de Gabinete), ten experiencia en medio ambiente, e na dirección do Gabinete da Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e da Presidencia do Parlamento de Galicia

Ten formación en igualdade, transparencia, xestión administrativa e protección de datos.

6.10. [REDACTED]

A candidata ten experiencia profesional en xestión administrativa e contratación, medio ambiente, economía social, sanidade e medio rural e mar, participou en tribunais de distintos procesos selectivos na Administración Autonómica

A súa formación complementaria reflicte unha adecuada actualización en xestión administrativa, xestión económica, contratación e igualdade de xénero.

6.11. [REDACTED]

O candidato conta cunha traxectoria profesional mais reducida que outros candidatos na Administración, desempeñando funcións de responsabilidade en diversas entidades locais.

Posúe unha extensa formación en dereito administrativo, urbanismo, contratación pública, expropiación, transparencia e xestión pública, publicou artigos en revistas especializadas sobre dereito urbanístico, contratación pública,

transparencia e procedemento administrativo e impartiu docencia en cursos sobre urbanismo, avaliación ambiental e simplificación administrativa.

A súa formación complementaria reflicte unha constante actualización en materias relevantes para a defensa dos dereitos da cidadanía.

6.12. [REDACTED]

O candidato que ocupa un posto de Xefe de Servizo na APLU, conta cunha ampla traxectoria dentro da Administración Pública galega na xestión xurídico-administrativa con especialización en urbanismo, patrimonio cultural e contratación pública.

Ten actividade docente e participou en publicacións especializadas en materia de patrimonio cultural, así como formación complementaria en dereito administrativo, urbanismo, contratación pública e patrimonio cultural, responsabilidade patrimonial, administración electrónica e transparencia.

6.13. [REDACTED]

A candidata conta cunha longa traxectoria dentro da Administración Pública galega, especialmente en sectores como a emigración, desenvolvemento rural, turismo, protección do patrimonio cultural e educación .

É Doutora en Dereito e posúa o Diploma de Directivo da Xunta de Galicia e conta con formación complementaria en dereito urbanístico e protección do patrimonio e xestión pública.

6.14. [REDACTED]

O candidato ten experiencia na xestión administrativa en diversos ámbitos da administración autonómica e estatal, especialmente en sectores como a educación, infraestruturas, xuventude, pesca, xestión de persoal e resolución de recursos administrativos e informes xurídicos.

Posúe formación complementaria relevante en materia de estranxeiría, protección de datos, potestade sancionadora, responsabilidade patrimonial, administración electrónica, procedemento administrativo e normativa autonómica.

6.15. [REDACTED]

O candidato ten unha traxectoria dentro da Administración Pública local como funcionario interino dende 1999, e como funcionario de carreira dende 2007, relacionadas coa xestión de recursos humanos, secretaría e funcións xurídico-administrativas

A súa formación complementaria reflicte unha preparación multidisciplinar, con especial énfase na xestión pública, procedemento administrativo e dereito público.

6.16. [REDACTED]

A traxectoria profesional da candidata demostra experiencia na xestión administrativa en diversas entidades, especialmente en áreas relacionadas co asesoramento xurídico, contratación pública, xestión de convenios, tramitación de recursos, procedementos sancionadores e responsabilidade patrimonial que lle confire unha visión integral dos procesos administrativos e legais na administración pública.

A súa formación complementaria reflicte unha preparación multidisciplinar, con especial énfase no dereito administrativo, procedemento administrativo, xestión pública e ferramentas tecnolóxicas aplicadas á administración.

6.17. [REDACTED]

A candidata conta cunha ampla traxectoria como secretaria de Administración Local dende o ano 1993, ocupando o posto nun longo período de tempo nun Concello de primeira categoría, con funcións de asesoramento legal, redacción e informe de resolucións administrativas e actos xurídicos, control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria, tramitación e resolución de expedientes administrativos e coordinación e supervisión da actividade administrativa e xestión documental.

A experiencia en tramitación administrativa e análise normativa capacita á candidata para avaliar e resolver expedientes en diversas materias (educación, medio ambiente, urbanismo, transparencia ou igualdade de xénero, entre outras), para garantir o cumprimento da legalidade e a protección dos dereitos da cidadanía.

6.18. [REDACTED]

A candidata conta cunha traxectoria como funcionaria (interina) dentro da Administración Pública mais reducida que outros candidatos/as (dende 2020), se ben ten experiencia como asesora na Institución da Valedora do Pobo dende 2022. Ten experiencia no sector privado, en áreas de asesoramento xurídico, prevención de riscos laborais e xestión municipal. Ten unha formación complementaria adecuada en normativa laboral, dereito administrativo e xestión pública.

6.19. [REDACTED]

O candidato posúe unha traxectoria destacable dentro da Administración Pública, con experiencia en xestión administrativa e de servizos públicos, administración local, ordenación do territorio, servizos sociais, emigración e administración dixital. A súa participación en proxectos relacionados coa inclusión social e accesibilidade demostra un coñecemento profundo das políticas sociais e da súa implementación na administración autonómica.

Ten ademais ampla experiencia en xestión económica e contractual, e formación complementaria en contratación pública, procedemento administrativo, xestión orzamentaria, contratación pública e políticas sociais.

6.20. [REDACTED]

A traxectoria profesional do candidato está principalmente enfocada na xestión económico-financeira e na contratación administrativa.

O candidato posúe unha destacable formación académica, sendo licenciado en Dereito e en Ciencias Políticas e da Administración e conta co diploma de directivo.

A súa formación complementaria abrangue áreas como a tramitación electrónica integral, administración electrónica, redacción de informes, prevención e xestión de conflitos, negociación e traballo en equipo, participando en procesos formativos como docente en cursos de elaboración de pregos e axilidade na contratación pública

6.21. [REDACTED]

A candidata posúe unha destacable formación académica, sendo licenciada en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas, así como Máster en

Negocio e Dereito Marítimo e Grao en Ciencias Xurídicas das Administracións Públicas.

A traxectoria profesional da candidata céntrase no ámbito xurídico en materia de vivenda, medio ambiente e mar.

A súa formación complementaria abrangue cursos de protección de datos, administración electrónica, normativa urbanística, linguaxe administrativa galega e idiomas (inglés e alemán), entre outros.

6.22. [REDACTED]

A traxectoria profesional do candidato está ligada á Administración Local, ocupando distintos postos de responsabilidade en concellos e mancomunidades. Destacan as súas funcións como secretario e interventor en diversas entidades locais, desenvolvendo labores de asesoramento xurídico, fiscalización de contratos, control financeiro e elaboración de informes sobre procedementos administrativos.

Conta cunha ampla formación complementaria en materia de contratación pública, procedemento administrativo común, transparencia, responsabilidade patrimonial, urbanismo, xestión financeira e elaboración de disposicións administrativas, xestión orzamentaria, subvencións, fiscalización de entidades locais, expropiacións e funcións dos habilitados nacionais achega un coñecemento técnico fundamental para o desempeño do posto.

6.23. [REDACTED]

A traxectoria profesional do candidato inclúe a xestión administrativa, tramitación de disposicións normativas, asesoramento xurídico, control financeiro, contratación pública e relacións institucionais.

Ademais, conta con formación complementaria en contratación pública, procedemento administrativo común, transparencia, responsabilidade patrimonial, urbanismo, xestión financeira, xestión orzamentaria, subvencións, fiscalización de entidades locais, expropiacións, igualdade de xénero, planificación e toma de decisións, protección de datos persoais e dirección de equipos.

Así mesmo, a súa experiencia na docencia e formación en dereito administrativo e financeiro.

6.24. [REDACTED]

A traxectoria profesional da candidata é na Administración Local nun Concello con funcións de tramitación de procedementos administrativos relativos á contratación pública e selección de persoal, elaboración de informes e normativa de carácter interno.

Ten experiencia profesional como avogada fiscal substituta, como consultora de empresas e persoal eventual (asesora) na Administración Autonómica.

A súa formación complementaria abrangue contratación pública, urbanismo, fiscalización, protección de datos, procedemento administrativo, violencia de xénero e delitos no ámbito administrativo. Ten experiencia como titora do prácticum da Escola de Práctica Xurídica

6.25. [REDACTED]

A traxectoria profesional do candidato é como Letrado da Administración de Xustiza en xulgado Social, penal e de primeira instancia, polo que ten escasa relación coas funcións do posto ao que opta.

Conta con formación complementaria relacionada coa linguaxe xurídica galega, a función do Letrado da Administración de Xustiza, contratos no sector público, execución forzosa no proceso civil, medios electrónicos da Administración de Xustiza, sinatura electrónica e protección de datos e intelixencia artificial aplicada á Administración Pública.

6.26. [REDACTED]

A traxectoria profesional da candidata é no campo da inspección de Traballo e Seguridade Social desde 2011 e como docente en formación especializada neste ámbito.

Ten formación complementaria en materia de resolución de conflitos, liderado remoto, xestión de persoas, dirección de recursos, acceso e seguridade en buques, prevención de riscos laborais na actividade pesqueira, acoso laboral e sexual, igualdade de xénero e regulación de emprego. Ademais, posúe formación en seguridade en traballos en altura e espazos confinados.

6.27. [REDACTED]

A candidata no seu actual posto como secretaria do Pleno do Consello Consultivo de Galicia, lle proporciona experiencia en materia de ditames e informes xurídicos en materia de tramitación de regulamentos, contratación administrativa, tributos, recursos de inconstitucionalidade, responsabilidade patrimonial e urbanismo.

Previamente, desempeñou diversos postos de responsabilidade en diferentes departamentos da Administración galega nos que encargouse da elaboración de informes xurídicos, tramitación de recursos administrativos e reclamacións, execución de sentenzas e instrución de expedientes disciplinarios, entre outras funcións.

Tamén conta con experiencia docente, participando como titora en cursos de dereito administrativo en distintas institucións.

Conta cunha ampla formación complementaria entre as que destacan as súas acreditacións en dirección e xestión de recursos humanos, cumprimento normativo no sector público, prevención de riscos laborais, contratación pública, dereito administrativo, responsabilidade patrimonial da Administración, protección de datos, igualdade de xénero, violencia de xénero, transparencia e xestión de conflitos.

7. .Elementos a ter en conta para valorar a idoneidade da persoa a seleccionar

De acordo co establecido no Regulamento de Organización e funcionamento da Institución e na convocatoria, as funcións a desenvolver no posto son de apoio de carácter técnico-xurídico para o adecuado funcionamento da Institución (apoiado na contratación, xestión económica, funcionamento de órganos adscritos á Institución) e tramitación e seguimento dos expedientes de queixa nas materias que lle sexan encomendadas.

En congruencia con ditas funcións, para a valoración das persoas candidatas, o que se considera que debe ser máis relevante para a designación da persoa candidata para ocupar o posto é a súa experiencia profesional en xestión administrativa (xestión económica, xestión orzamentaria, contratación, convenios, persoal), así como nas materias sectoriais relacionadas coas áreas nas que traballa a Institución (educación, servizos sociais, sanidade, vivenda e

urbanismo, igualdade, entre outras..), e a formación complementaria realizada nas ditas mesmas materias.

Despois da análise das solicitudes presentadas polas persoas que optan á xefatura de Servizo de Apoio, considérase que teñen un perfil que se adecúa en maior medida para a cobertura do posto, as persoas que se relacionan a continuación, por ter unha ampla experiencia en xestión administrativa (contratación, xestión económica, autorizacións, recursos, entre outros), ocuparon e ocupan na actualidade postos que teñen a consideración de asesoramento ou de carácter directivo, e teñen especialización, experiencia e formación en distintas materias sectoriais que son obxecto dos expedientes de queixa que se tramitan na Institución.

De acordo co anterior, en base coa disposto na base terceira da convocatoria do posto de Xefe/a do Servizo de Apoio, propónse a convocatoria a unha entrevista ás persoas solicitantes que figuran a continuación:

- (6.1) [REDACTED]
- (6.3) [REDACTED]
- (6.4) [REDACTED]
- (6.17) [REDACTED]
- (6.19) [REDACTED]

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

FIRMADO DIGITALMENTE POR
FERNANDO LUIS DE ANDRÉS ALONSO

Fecha:
2025.03.11
13:21:50 +01'00'

Fernando de Andrés Alonso
Secretario Xeral

EXCMA. SRA. VALEDORA DO POBO